

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 31 DE MARZO DE 2017 DE NÚM. 3/2017.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.-	Aprobación, se procede, da acta Nº 2/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2017.....	Páx. 3.
2.-	Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 3.
3.-	Dación de conta das solicitudes de subvencións realizadas á Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.....	Páx. 15.
4.-	Expediente de declaración de especial interese e utilidade municipal das obras de “Adecuación dos servizos xerais e da zona residencial na Residencia Nosa Sra. Das Dores” (Expte. 8708/16).....	Páx. 18.
5.-	Recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 6/2017.....	Páx. 18.
6.-	Expediente de Modificación de Créditos Nº 4-P/2017. Crédito Extraordinario a Suplemento de Crédito.....	Páx. 20.
7.-	Expediente de solicitude de subvencións ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2017 (DOG Nº 35 do 20 de febreiro) para a realización do Proxecto “Reparación de beirarrúas, reordenación das rotondas e sinalización interior do Polígono Industrial Lalín 2000”.....	Páx. 25.
8.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle ao ADIF a cesión gratuíta ao Concello de Lalín do uso das parcelas utilizadas como escombreyas e con outros fins nas parroquias de Botos e Noceda.....	Páx. 26.
9.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle á Consellería de Política Social a axilización nos trámites de recoñecemento e cualificación da discapacidade.....	Páx. 30.
10.-	Moción do PP para que o Concello de Lalín negocie con Fomento a construción de beirarrúas no lugar de Xubín e a habilitación dun carril de espera na N-525 para que os vehículos que circulen en dirección Santiago poidan acceder directamente ao lugar de Bendoiro de Abaixo.....	Páx. 33.
11.-	Moción do PP para a instalación na zona deportiva e infantil do Regueiriño dunha nova cancha multideporte e a ampliación do parque infantil existente.....	Páx. 35.
12.-	Moción do PP para solicitar ao goberno a entrega inmediata de toda a documentación solicitada sobre o uso e destino dos fresados da Rolda Leste e solicitude de comparecencia en Pleno do Alcalde para explicar todo o relativo a este tema.....	Páx. 38.
13.-	Moción do Concelleiro non adscrito solicitando informes e certificacións relativos á súa expulsión na sesión plenaria celebrada en outubro.....	Páx. 44.
14.-	Moción do Concelleiro non adscrito para habilitar aparcamento especial por motivos excepcionais nas zonas escolares e na Praza da Igrexa.....	Páx. 51.
15.-	Rogos e preguntas.....	Páx. 52.

Sendo as nove horas do venres, **día 31 de marzo de 2017**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores Concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 2/2017, DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2017.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 2/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2017.

Explicou o *Sr. Secretario* que no punto 17 da Orde do Día da acta da sesión plenaria de data 24 de febreiro de 2017, relativo aos Rogos e Preguntas, debido a un erro na transcripción na parte de Rogos, onde di *que se contestarán por escrito*, debe dicir *quedan enterados*.

De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións e coa corrección anteriormente indicada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a acta Nº 2/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIONS REALIZADAS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017.-

A Presidencia dou conta do presente expediente de acordo co disposto na base décima

das *Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017*, publicadas no BOP nº 249 de 30/12/2016, que dispón que no caso de que as solicitudes de subvencións ao abeiro de ditas bases sexan aprobadas mediante decreto ou ben por acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta de dita aprobación ao Pleno da Corporación Municipal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 14 de marzo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

5.- PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017. LIÑA 2.

5.1.- Vista a proposta da **Alcaldía** na que expón que o pasado día 30 de decembro de 2016 foron publicadas no BOP as “**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017**” da Deputación Provincial de Pontevedra.

Tendo en conta as contías que lle corresponden ao Concello de Lalín segundo a repartición por concellos e as porcentaxes por liñas, dispónse dun importe máximo de 227.532,53 euros para as actuacións solicitadas ao abeiro da *Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes*.

En base a dita convocatoria a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos asistentes acordou:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro das “**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017**” as subvencións para as seguintes actuacións con cargo á *Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes*, **gasto corrente novo**:

OBXECTO DA SUBVENCIÓN	ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITADO
Campamentos deportivos de verán.	24.460,00 €	10.000,00 €
Promoción e dinamización do Programa activo Roteiros de Lalín.	5.263,50 €	5.263,50 €
Cocido do orgullo de Lalín.	42.734,02 €	42.734,02 €
Ciclo de Música na rúa.	10.000,00 €	10.000,00 €
Circuíto de cine no rural.	4.400,00 €	4.400,00 €
13ª Bienal de Lalín.	18.000,00 €	18.000,00 €
Serán das Letras Galegas.	2.100,00 €	2.100,00 €
Plan museolóxico e Museográfico do Museo Galego da Marioneta.	43.531,60 €	43.531,60 €
Obradoiros de robótica para nenos e nenas	3.267,00 €	3.267,00 €
Proxecto promoción Turística do Concello de Lalín	47.000,00 €	47.000,00 €
Adquisición de materiais para reparación de pistas no termo municipal de Lalín.	26.235,92 €	26.235,92 €
	TOTAL	212.532,04 €

Segundo.- Aprobar os proxectos, memorias, orzamentos e demais documentación que

forma parte de cada un dos expedientes individuais anteriormente relacionados.

Terceiro.- Asumir o compromiso de cumprir as condicións e as obrigas que para o Concello de Lalín se recollen en ditas bases e de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que se teñan en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no cofinanciamento de aquelas actuacións para as que non se solicita subvención do custo íntegro da mesma.

Quinto.-Facultar aos Concelleiros Delegados de cada área para actuar no nome do Concello de Lalín nos expedientes relativos a materias da súa competencia.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DOS SERVIZOS XERAIS E DA ZONA RESIDENCIAL NA RESIDENCIA NOSA SRA. DAS DORES” (EXPTE. 8708/16).

A Presidencia deu conta deste expediente e da Proposta da Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus, de data 22 de marzo de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 27 de marzo de 2017.***

Neste intre o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García*** pediu a palabra.

O ***Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio*** preguntoulle ao *Sr. Secretario* se o *Sr. Concelleiro non adscrito* tiña dereito a unha quenda de palabra.

O *Sr. Secretario* referiuse ao *Sr. Concelleiro non adscrito* e preguntoulle se era unha cuestión de orde o que quería comentar.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* respondeu que o que quería comentar era unha cuestión de ilegalidade no tocante ás dacións de conta.

No uso da palabra pediu preguntar referíndose directamente á *Sra. Interventora* se existía a obriga de dación de conta unha vez liquidado o orzamento. Tal liquidación debía efectuarse como máximo na data do 1 de marzo de 2017. Preguntoulle á *Sra. Interventora* se estaba liquidado o orzamento nesa data.

A *Sra. Interventora* contestou que non.

Continuou ***D. Juan José Cruz García***, preguntándolle se o *Sr. Alcalde* lle pediu un informe con respecto á liquidación.

A *Sra. Interventora* contestou que si se lle pediu ese informe, pero que non lle foi posible realizalo aínda.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** preguntou se tampouco se lle estaba enviando ás demais Administracións Públicas dita liquidación antes da data de 31 de marzo de 2017.

A *Sra. Interventora* contestou que aínda non estaba aberto o período de liquidación deste orzamento polo Ministerio de Economía. De feito o ano 2016 a liquidación enviouse no mes de maio.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** dixo que tiña a lei diante e que na mesma, se establecía o prazo máximo ata o 31 de marzo.

A *Sra. Interventora* dixo que iso era o que se regulaba na lei, pero agora enviábase a liquidación por medio dunha Plataforma, existindo a Oficina Virtual das Entidades Locais. Os períodos de envío abríanse dende o Ministerio de Economía.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** preguntou se non se enviou entón porque a *Sra. Interventora* non tivo tempo.

A *Sra. Interventora* dixo que non foi por tal motivo, senón que tiñan contratado coa empresa de contabilidade o peche contable que, por unha serie de incidencias, non se puido realizar antes do día 28 de marzo de 2017.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** afirmou que o informe foi solicitado pero entendía que no Departamento de Intervención había moita carga de traballo. Non obstante, pediu que na medida do posible, se cumprisen os prazos, agradecendo o esforzo a todo o Departamento de Intervención.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** dixo que só estaba a facer a súa labor de control.

O *Sr. Secretario* entendi para dicir que el non era o Presidente do Pleno pero debía aclarar que só se podía intervir cando o *Sr. Alcalde-Presidente* lle dese a palabra. Deste xeito a sesión plenaria levaríase a cabo con orde e regularidade.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntou se as intervencións que estivo facendo o *Sr. Concelleiro non adscrito*, serían susceptibles dunha chamada á orde.

O *Sr. Secretario* dixo que era unha aclaración nada máis.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** recriminoulle ao *Sr. Alcalde-Presidente* que fixese esa pregunta e parecíalle ridículo.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu a palabra.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** negoulle unha nova quenda. Deulle a palabra á *Concelleira Delegada de Facenda*, **D^a Teresa Varela Fisteus**.

A *Concelleira Delegada de Facenda*, **D^a Teresa Varela Fisteus** explicou o contido do expediente e leu a proposta que presentou ao Pleno.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** deulle a palabra ao Concelleiro non adscrito.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** manifestou que o seu voto ía ser favorable á proposta.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** tamén dixo que estaban de acordo co contido do expediente.

Sometidos a votación ordinaria o Expediente e a Proposta da Concelleira Delegada de Facenda, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE o Expediente de declaración de especial interese e utilidade municipal das obras de “Adecuación dos Servizos Xerais e da zona residencial na Residencia Nosa Sra. Das Dores”**, co seguinte contido:

Con data do 17 de novembro de 2016 (Rexistro de entrada N° 9199), D. Julio López Rodríguez, como Presidente da Asociación para a Protección dos Anciáns de Lalín e a súa Comarca, solicita licenza para as obras de “ADECUACIÓN DOS SERVIZOS XERAIS E DA ZONA RESIDENCIAL” na Residencia da Terceira Idade Nosa Señora das Dores situada na Rúa D, N° 17 de Lalín, para o cal achega o correspondente proxecto básico e de execución.

Posteriormente, con data 23 de xaneiro de 2017, preséntase no Rexistro municipal de Entrada (N° 457) solicitude de bonificación das taxas da licenza de obras, debendo entenderse e tramitarse como solicitude de bonificación da cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo se deduce do escrito asinado polo representante da APALC. Para completar a documentación achegada, con data do 8 de febreiro de 2017 preséntase no Rexistro municipal (Entrada N° 906) memoria xustificativa do proxecto das obras en cuestión.

Por último, con data do 22 de marzo de 2017 o arquitecto municipal emite informe favorable sobre as obras para as que se solicita licenza e a asesora xurídica do departamento municipal de Servizos Sociais emite informe, da mesma data, sobre o seu marcado carácter e interese social, a efectos da declaración de obra de especial interese e utilidade municipal.

Así mesmo, no expediente consta informe da Técnica de Xestión Tributaria sobre a procedencia da declaración, por parte do Pleno da Corporación, de especial interese e utilidade municipal das obras en cuestión.

Á vista da citada solicitude e dos informes emitidos que obran no expediente, **o Pleno da Corporación adoptou o seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as Obras de Adecuación dos servizos xerais e da zona residencial na Residencia Nosa Señora das Dores de Lalín, da Asociación para a Protección dos Anciáns de Lalín e a súa Comarca, situada en rúa D, nº 17, por concorrer circunstancias sociais que xustifican tal declaración (Expte. 8708/16).

Segundo.- Como consecuencia do anterior, conceder unha bonificación do 95% da

cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a que se solicita licenza por parte da Asociación para a Protección dos Anciáns de Lalín e a súa Comarca.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 6/2017.-

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus, de data 22 de marzo de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 27 de marzo de 2017.***

Explicou a proposta a *Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus*. A finalidade deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos era a reparación do ascensor do Colexio CEIP Xesús Golmar por un importe de 245,23 euros que non se puido aprobar no exercicio correspondente ao 2016, debido a que se presentou a factura fóra de prazo.

Esta mesma factura xa se trouxo ao Pleno para o recoñecemento e non foi obxecto de reparo suspensivo. Trúxose ao Pleno e non á Xunta de Goberno, porque non había crédito suficiente e para evitar un enriquecemento ilícito da Administración.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que ía intervir unha vez o fixera o PP.

Dende o PP, *D. Xosé Crespo Iglesias* manifestou que o sentido do voto do seu grupo ía ser a abstención. Non estaban en contra de que se pagase a factura, senón que chamáballe a atención que se trouxese ao Pleno unha factura de data 31 de decembro de 2016. Resultáballe “raro”. Unha empresa como a que reparou o ascensor do Colexio CEIP Xesús Golmar debía ter a experiencia suficiente para saber que unha factura non se enviaba á Administración con data do 31/12/2016.

Non cuestionaba a legalidade, senón a xestión, porque non tiña sentido que a factura tivese esa data. Dado que a xestión á hora de resolver esta cuestión non lle parecía a máis axeitada, dende o seu grupo ían absterse na votación, xa que tampouco querían prexudicar á empresa e que non se lle pagase.

A *Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus* explicou que na xestión da empresa non podía tomar decisións.

O feito de que non tivese outra data a factura respondía a que a mesma era parte dunha remesa que se xerou automaticamente na empresa a final de mes. Ademais, que tivese data do día 31 de decembro de 2016 permitía introducila no exercicio anterior, e igual dende a empresa se pensou equivocadamente que con esa data se podería aplicar no exercicio anterior.

Neste intre, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* interviu para dicirle ao *Sr. Secretario* que con anterioridade houbo unha interrupción por parte do PP que non tivo o mesmo trato que a interrupción que levou a cabo el mesmo. E sen máis, limitouse a votar.

Sometido a votación ordinaria o Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos Nº 6/2017, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE o Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos Nº 6/2017**, co seguinte tenor:

É xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis próxima aos cidadáns e, polo tanto, aquela á que dirixen as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da Constitución Española que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local ten que procurar axustar a súa actuación á axilidade e eficacia que demandan os seus cidadáns.

Leváronse a cabo no exercicio 2016 determinados gastos necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento do servizo municipal de alumeado público xestionado por este Concello.

Aínda levados a cabo sen contar co procedemento de contratación, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao orzamento municipal. O propio lexislador, consciente da existencia deste tipo de actuacións, pero en calquera caso necesarias para a prestacións de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ó orzamento corrente, imputación nun primeiro momento prohibida polo principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa desta; considerando igualmente que a imputación dos gastos ó exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministro de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polo responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Á vista do anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Que se proceda á instrución do oportuno expediente de RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS para a imputación ó orzamento corrente dos gastos levados a cabo nos exercicios anteriores, todo elo con arranxo á relación que se acompaña como anexo (Anexo I -Relación de facturas Nº 00001).

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4-P/2017. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Alcaldía de data 22 de

marzo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 27 de marzo de 2017.***

A ***Concelleira Delegada de Facenda, D^a. Teresa Varela Fisteus,*** explicou con detalle o contido da proposta e do expediente de Modificación de Créditos.

Por unha banda tratábase de habilitar a correspondente aplicación orzamentaria co crédito necesario para a realización de Reformas varias no Auditorio de Vilatuxe, fundamentais para obter un aproveitamento óptimo do edificio. Por outra banda propúñase suplementar o crédito da aplicación orzamentaria destinada á adquisición de carpas para a celebración de eventos e feiras.

Na súa quenda o ***Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*** pediu que se votasen as dúas medidas propostas no expediente de modificación de créditos por separado. Sen máis limitouse a votar.

Dende o Partido Popular, o ***Concelleiro, D. José Antonio Rodríguez Fernández,*** sinalou que ía facer dúas puntualizacións ao expediente.

Estaban de acordo coas obras de reforma no Auditorio de Vilatuxe, pero segundo criticaron xa nas Comisións Informativas dende o seu grupo considerou que ditas obras de reforma debían formar parte dun Expediente sobre o Auditorio de Vilatuxe, no que se incluísen tamén outras obras que xa se aprobaron na moción do PP no Pleno de 27 de xaneiro de 2017 para promover a instalación dunha caldeira no Auditorio de Vilatuxe.

No tocante ás carpas para a realización de eventos e feiras, criticou que na Memoria que constaba no Expediente se fixese referencia á Feira do Libro posto que nin o ano pasado nin este ano se ía celebrar dita Feira. Por iso preguntou se dende o goberno lían as Memorias que se presentaban ao Pleno.

Manifestou que era o primeiro expediente que incluía un Informe de Intervención que se axustaba ás medidas que se aprobaron no Pleno o 27 de outubro de 2016: a supresión das Plusvalías e a baixada do IBI. Ambas iniciativas do PP.

Interviu o ***Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** para recriminarlle ao concelleiro popular que a baixada do IBI non foi unha proposta do PP.

O ***Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*** pediu que constase en acta a interrupción de ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** e insistiu no trato arbitrario hacia el.

D. José Antonio Rodríguez Fernández dixo que se estaba a referir á documentación que constaba neste Expediente e non a outras cuestións.

No Informe de Intervención reflectíase claramente que despois de facer eses axustes relativos ás plusvalías e ao IBI, non había ningún tipo de inestabilidade como alegaron os membros do goberno lalinense no seu día. Todo o contrario, precisamente.

O Sr. ***Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio,*** indicou que prefería proceder á votación conxunta de todo o Expediente.

Con respecto ao Auditorio de Vilatuxe indicou que entendía que era xogo político e que cada quen se “anotase o tanto que quixese”, pero estaban todos de acordo no fondo. Con respecto á caldeira ía intervir o ***Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías, D. Tomás Vilariño***

Fidalgo, para explicar a cuestión da subvención sobre a mesma.

O tema das carpas respondía a unha demanda reiterada de todos os feirantes.

Disentiu no tocante ao tema das plusvalías e do IBI, segundo a intervención do concelleiro popular **D. José Antonio Rodríguez Fernández**. O IBI foi iniciativa do goberno actual e non do popular, dixesen o que dixesen dende ese grupo.

O *Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías*, **D. Tomás Vilariño Fidalgo** explicou que no tema relativo á caldeira de Vilatuxe había varias cuestións a ter en conta.

Primeiro había que ubicar a caldeira. Para isto foise visitar o Auditorio co Arquitecto Municipal. Había varias posibilidades. Podíanse colocar dúas caldeiras como as do Auditorio de Muimenta porque a altura e capacidade do Auditorio de Vilatuxe era maior, se ben iso obrigaría a facer un proxecto e unha dirección de obra e xa non sería subvencionable.

O compromiso era colocar a caldeira; e dentro da ubicación do Auditorio pretendíase elixir a mellor opción. Por iso se buscaban outras alternativas como as axudas de xeotermia.

Colocar dúas caldeiras como no Auditorio de Muimenta era unha opción, pero tamén o era, outra caldeira de maior potencia para poder abastecer de calor todo o Auditorio.

O importante era avaliar onde se podía ubicar a caldeira e despois estudar a posibilidade de poder concorrer a outras subvencións con outro tipo de tecnoloxía. En función da máis axeitada ou da que mellor solución dese, rexeitaríase a outra subvención para conseguir a mellor tecnoloxía co gasto máis eficiente.

En base ao dito, considerou que unha reserva do crédito nesta parte non era o máis axeitado.

A *Concelleira Delegada de Facenda*, **D^a. Teresa Varela Fisteus**, explicou que non era posible comprometer un crédito que non estaba cuantificado como neste suposto, xa que se descoñecía a subvención que se ía conceder e cal ía ser a achega municipal.

Ademais eran obras totalmente independentes, posto que non tiña nada que ver a luz e a instalación do falso teito coa instalación dunha caldeira.

Dixo que si se lían os membros do grupo de goberno as Memorias que se entregaban cos Expedientes. Explicou que de feito unha das Feiras Temáticas de “*Ven a Lalín que é Sábado*” foi adicada aos Libros integramente.

Por outro lado, a baixada do IBI que levaban os membros do goberno no programa era progresiva e non temeraria, porque unha baixada sen pensar nas consecuencias era un acto de irresponsabilidade.

Na súa segunda quenda, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** puntualizou que se refería concretamente a un Informe de Intervención que integraba o expediente que dicía que despois de axustar as medidas que se aprobaron, non había riscos coa supresión das plusvalías e a baixada do IBI.

No tocante á explicación do *Concelleiro Delegado*, **D. Tomás Vilariño Taboada**, dixo que daba a sensación de que o proxecto da caldeira non estaba feito como dicía o goberno, senón que aínda estaba nunha fase de inicio. Dende o seu grupo o único que querían era que se cumprise o acordo plenario.

De novo o *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que prefería proceder á votación conxunta de todo o Expediente.

Non obstante, tanto **D. José Antonio Rodríguez Fernández** como o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, manifestaron a súa intención de votar por separado cada medida.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** preguntoulle ao Sr. Secretario se era posible realizar a votación por separado ou non, posto que el non tiña obxección.

O Sr. Secretario indicou que ao estar todos de acordo podían votar por separado. Se ben recordou que as emendas que se presentasen, supoñían unha alteración do sistema; debían presentarse á Presidencia ao inicio do punto da Orde do Día que se ía debater.

D. Xosé Crespo Iglesias recriminou que a práctica habitual ata o de agora era que cando se pedía unha votación por separado, se concedía.

O Sr. Secretario aclarou que neste punto había acordo; pero no caso de non habelo, era un problema. Por iso, había que cumprir o Regulamento.

Sometida a votación ordinaria a emenda para votar cada medida da proposta por separado, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A EMENDA.**

Sometida a votación ordinaria a proposta da Concelleira Delegada de Facenda e o Expediente de modificación de créditos Nº 4-P/2017, coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

PRIMEIRO.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
333.632.25	Equipamentos culturais e museos. Reformas varias no edificio do Auditorio de Vilatuxe.	17.762,34
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		17.762,34 €

Sometida a votación ordinaria a primeira medida da proposta mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a primeira medida da proposta.**

SEGUNDO.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
431.1.625.15	Feiras. Carpas para eventos-feiras.	6.632,00
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		6.632,00 €

Sometida a votación ordinaria a segunda medida da proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo por MAIORÍA dos asistentes, REXEITOUSE a segunda medida da proposta.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** recriminou que se votase en contra desta medida. Pola intervención do Concelleiro popular, *D. José Antonio Rodríguez Fernández*, entendeu que había acordo nesta medida. Votando en contra perdíase a subvención de Espina&Delfín para ese fin exclusivamente.

D. Xosé Crespo Iglesias manifestou que non estaban a favor de que se comprasen as carpas por esta vía, habendo outras partidas, e por iso votaban en contra. Dixo que as carpas podía compralas Espina&Delfín e doarllas ao Concello entón. Dixo que ao final do Pleno podían volver tratar o tema por urxencia para que non se perdesa a subvención.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** pediu que rectificasen o voto e se abstivesen para non perder a subvención de Espina&Delfín. Do debate deduciu que estaban de acordo e pediulle de novo que rectificasen o voto.

D. Xosé Crespo Iglesias manifestou, que para non perder entón a subvención, cambiaban o sentido do seu voto e polo tanto, procedían a absterse na votación.

Xa que logo, sometida a votación ordinaria a segunda medida da proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP

Xa que logo por MAIORÍA dos asistentes, **APROBOUSE a segunda medida da proposta.**

Á vista das votacións indicadas coa emenda incorporada, **APROBOUSE o Expediente de Modificación de Créditos Nº 4-P/2017, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito**, co seguinte contido:

Pola Alcaldía-Presidencia incoouse expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 4-P/2017, con destino a gastos específicos e determinados a financiar mediante baixas doutras aplicacións, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de habilitar a correspondente aplicación orzamentaria co crédito necesario para a realización de Reformas varias no Auditorio de Vilatuxe, segundo a Memoria elaborada polo Arquitecto Técnico municipal, consistentes na reforma da zona onde se sitúan os músicos para dotala dun falso teito que mellore as condicións do local; as citadas obras son fundamentais para obter un aproveitamento óptimo do edificio, debido a que se melloran as condicións de confort interior, así como na reforma da iluminación, coa finalidade de conseguir un aforro e unha mellora na distribución luminosa.

Por outra parte, tamén se propón suplementar o crédito da aplicación orzamentaria destinada á adquisición de carpas para a celebración de eventos e feiras, para o cal se obtivo a colaboración da empresa Espina & Delfín, S.L., por importe de 4.500 €, dos eventos que desenvolva este Concello nas citadas carpas e que se destina á adquisición das mesmas, sendo necesario dotar a achega municipal para a compra de dez carpas plegables.

Tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2016 prorrogado para o 2017, achegándose a este expediente a Memoria de “Reformas varias no edificio do Auditorio de Vilatuxe-Lalín” e a Memoria de adquisición de carpas plegables para usos varios-Lalín” elaboradas polo Arquitecto Técnico municipal.

Á vista da documentación que se achega, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutras aplicacións non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
333.632.25	Equipamentos culturais e museos. Reformas varias no edificio do Auditorio de Vilatuxe.	17.762,34
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		17.762,34 €

1.2- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
431.1.625.15	Feiras. Carpas para eventos-feiras.	6.632,00
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		6.632,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:
A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920.121.00	Administración Xeral. Complemento de Destino	3.500,00
920.121.01	Administración Xeral. Complemento Específico.	3.500,00
931.130.00	Política Económica e Fiscal Laboral fixo. Retribucións básicas	7.500,00
931.130.02	Política Económica e Fiscal Laboral fixo. Outras remuneracións	9.894,34
TOTAL BAIXAS		24.394,34 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de Modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

7.- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2017 (DOG Nº 35 DO 20 DE FEBREIRO) PARA A REALIZACION DO PROXECTO “REPARACION DE BEIRARRUAS, REORDENACION DAS ROTONDAS E SINALIZACION INTERIOR DO POLIGONO INDUSTRIAL LALIN 2000”.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de marzo de 2017.***

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta, mediante o sistema de manalzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** o expediente do seguinte tenor:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión celebrada o día 14 de marzo de 2017, acordou solicitar unha subvención para a “REPARACION DE BEIRARRUAS, REORDENACION DAS ROTONDAS E SINALIZACION INTERIOR DO POLIGONO INDUSTRIAL LALIN 2000”, por importe de 109.253,44 € ao abeiro da *Orde do 27 de xaneiro*

de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e procédese á súa convocatoria para o ano 2017, publicada no DOG, nº 35, do 20 de febreiro de 2017.

No apartado segundo de dito acordo acordouse “aprobar a memoria, retribucións e demais documentación do expediente da obra: “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000”, por importe de 109.253,44 €, **debendo ser ratificado polo Pleno este punto**”. Dita ratificación polo Pleno ven derivada, así mesmo, do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2016, na que se acordou deixar sen efecto as delegacións de competencias feitas polo Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na sesión plenaria do día 3 de xullo de 2015.

Visto o informe de data 23 de novembro de 2016 emitido polo Sr. Secretario Xeral do Concello en relación a dita revogación de delegación de competencias, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 14 de marzo de 2016, no apartado segundo do punto 12.1 relativo a Propostas da Alcaldía e dos Sres. Concelleiros Delegados, nos seguintes termos:

Aprobar a memoria, retribucións e demais documentación do expediente da obra: “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000”, por importe de 109.253,44 €.

8.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE AO ADIF A CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE LALÍN DO USO DAS PARCELAS UTILIZADAS COMO ESCOMBREIRAS E CON OUTROS FINS NAS PARROQUIAS DE BOTOS E NOCEDA.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 17 de marzo de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 20 de marzo de 2017 co número 1793. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2017.**

Defendeu a moción, o *Concelleiro Delegado de obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*. Comezou a súa intervención facendo unha puntualización sobre a rebaixa do IBI á que se aludiu na intervención anterior. Preguntou quen presentou a rebaixa do IBI e por qué a mesma se levou a cabo. Criticou que o PP se atribuíse dita rebaixa segundo a intervención de *D. José Antonio Rodríguez Fernández* no punto sexto.

Con respecto á moción, sinalou que nela recollíase o solicitado polos veciños e explicou con detalle o contido da mesma. Esperaba que a moción dese resultados positivos.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que se limitaría a votar.

Dende o PP, *D. Xosé Crespo Iglesias* comezou dicindo que a “*memoria era débil*” pola referencia do Concelleiro Delegado ao IBI ao inicio da súa intervención. Recordou que nos

orxamentos do ano 2016 aprobados polo goberno lalinense con maioría no Pleno por aquel entón, o PP xa pedira o 0.4 % de baixada do IBI para ese orxamento. Pero o goberno non permitiu que se levase a cabo e puxeron a 0.46 % dito imposto.

Na elaboración do orxamento do ano 2016, o goberno quedou en minoría e por iso propuxeron o 0.4 %, como xa o fixera o PP o ano anterior. Sabían que dende o PP ían volver propoñer a rebaixa do IB ao 0.4 % e por iso fixeron dita proposta dende o goberno, para lograr un acordo.

Ante este feito, o voceiro popular explicou a reacción do seu grupo: no goberno *“senón querían caldo, sete cuncas”*. Deste xeito, o seu partido propuxo a supresión das plusvalías.

A pesar de que dende o goberno defendían que dita supresión ía afectar á estabilidade orxamentaria, agora víase que non era certo no borrador dos orxamentos para o ano 2017.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** recriminou que dixese que como se propuxo dende o goberno a rebaixa do IBI ao 0.4 %, dende o PP propuxeron a supresión das plusvalías. Se funcionaba así na política orxamentaria cos cartos dos veciños, dicindo que: *“senón quería caldo, sete cuncas para fastidiar, era dun nivel denigrante”*.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que o Sr. Alcalde, *“dende un punto de vista político, non persoal, non era legal”*. Na porta do seu despacho, cando quedaron en minoría no goberno, o Sr. Alcalde dixéralle que querían pactar con eles os orxamentos e que no tema do IBI ían ter que rebaixar ao 0.4 %. Así mesmo, dixéralle que tiñan que ceder nuns cantos temas, pero que estaban dispostos a iso. E despois deixan quedar ao PP *“de escoria e de tontos”*. Non era serio.

Considerou que lle fixeron un favor ao goberno municipal coa supresión das plusvalías ao existir a sentenza europea que obrigaba á súa devolución de dito imposto nos catro anos anteriores á mesma. Só ían ter que devolverse tres anos antes da supresión.

D. Rafael Cuíña Aparicio contestoulle que de tres anos que ían ter que devolver do cobro das plusvalías, dous eran da época na que gobernou o PP.

D. Xosé Crespo Iglesias díxolle que era así, pero que se non tivesen feito a supresión, tamén ían ser dous anos deste goberno a devolver.

Dende o PP, **D. José Antonio Varela Quintela** recordou que o goberno quería manter o imposto das plusvalías.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** díxolle ao Concelleiro popular **D. José Antonio Varela Quintela** que *“era capaz de entender ao igual que o resto”*, porque o que buscaba o goberno era rebaixar progresivamente dito imposto.

D. José Antonio Varela Quintela contestou que xa sabía que *“as altas capacidades estaban no goberno e que xa o vían día tras día”*.

Neste intre, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediulle ao Sr. Secretario que *“tivese en conta todo o que estaba a suceder para facer o seu informe se tiña a sorte de ter apoios na súa moción”*.

D. Rafael Cuíña Aparicio dixo que, con todo o respecto, non se ía comparar en capacidades con ninguén. Pediu orde para continuar co debate.

D. Xosé Crespo Iglesias continuou entrando no debate da moción. Non coñecía as xestións que se fixeron dende o goberno. El si fixo moitas xestións no tocante ao tema do ADIF e sabía os problemas que había neste tema.

Manifestou que ían votar a favor da moción, pero pediu que se documentasen ben para non ter sorpresas.

En dous anos negociou co ADIF e considerou que o fixo da mellor forma que se podía negociar, porque ningún Concello conseguiu eses vertedoiros.

Explicou que o ADIF era un organismo público que actuaba de xeito autónomo e facía contratos.

Sendo Ministra *D^a. Ana Pastor*, amiga persoal del, pediulle persoalmente os vertedoiros de Vilanova e Vilar do Xestal. Todo o procedemento de comunicarse cos múltiples propietarios no relativo á reversión dos terreos, xa estaba feito. Era unha gran vantaxe.

Explicou que viaxou varias veces a Madrid e despois por orde de *D^a Ana Pastor*, veu a Xefa da Zona de ADIF para analizar a cuestión.

Pediu que se fixese un contrato a través da busca dun acordo previo, e non pedir a cesión da propiedade dos terreos como na moción. Considerou que dende un punto de vista técnico, a moción non estaba ben traballada.

O *Concelleiro Delegado de obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada* recriminoulle ao PP que só pedisen a rebaixa do IBI dende a oposición.

Os responsables da baixada foron os membros do goberno actual. Xa se lle rebaixou o recibo do IBI, á metade do Padrón dos habitantes lalinenses. Para este ano 2017 íase rebaixar ao mínimo legal lineal a todos os veciños e veciñas de Lalín.

Respecto da moción, explicou que en Botos levaron a cabo unha cesión por trinta anos. Por iso adiantou que: *“as cousas pintaban ben”*.

Non dubidaba das capacidades dos outros Concelleiros. Pediu que non se puxesen as capacidades do goberno en pouco valor, porque non descoñecían o ADIF tanto como dicían. Sempre levaban a cabo xestións para lograr cumprir as demandas dos veciños. Esta moción non estaba pouco traballada, senón que ía aberta na parte dispositiva para poder acadar a forma legal necesaria posteriormente.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que por primeira vez dende que estaba sentado neste Pleno, dábase conta de que quen menos capacidade tiña, era el. Neste debate se estaba a falar de capacidades con ironía, do IBI... xa facía tempo que se dixeran que o PP ía votar a favor da moción, pero seguían a falar de *“chorradas: amigos en Madrid, para ver quen tiña o amigo máis grande ou o máis pequeno”*.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non poñía en dúbida a capacidade de xestión do goberno lalinense. Referíase a que a moción non estaba ben elaborada e debía ser máis detallada e traballada na súa redacción.

Explicou que o ADIF non cedía terreos, a pesar de que podía fixar un aluguer simbólico dun euro. No caso de Vilar de Xestal pactou co ADIF un contrato. Dende o ADIF querían fixar un prezo de 1.000 euros anuais, pero dende o PP pedían o prezo dun euro. Para o ADIF, os vertedoiros eran un *“polvorín”* no que tiñan que gastar fondos, polo que así podía haber un interese en que se levase a cabo un contrato co Concello que permitiría que ADIF non gastase fondos neses vertedoiros.

Reiterou que a moción estaba mal redactada. Consideraba que debía pedirse na parte dispositiva un contrato con ADIF e non unha cesión gratuíta. Sería mellor que na redacción da moción se puxese en lugar de cesión gratuíta, *“un contrato simbólico”*.

De novo recordou que a proposta do PP en canto á rebaixa do IBI era de 0,4 %.

O *Concelleiro Delegado de obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño* dixo que aceptaban incluír na parte dispositiva da moción “*contrato simbólico*” no lugar de cesión gratuíta.

Discrepou novamente no tocante ao tema do IBI.

Ante un novo debate por ese tema entre ambos concelleiros, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* retiroulle a palabra aos dous. Consideraba o tema do IBI suficientemente debatido.

Quixo aclarar que non dubidaba da capacidade política de ninguén do PP e mostrou o seu respecto. Sobre todo manifestou o seu aprecio persoal a *D. José Antonio Varela Quintela*.

Sometida a votación ordinaria a moción, coa emenda a proposta do PP incorporada, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE, coa emenda incorporada, a moción para solicitarlle ao ADIF a cesión gratuíta ao Concello de Lalín do uso das parcelas utilizadas como escombreira e con outros fins nas parroquias de Botos e Noceda**, co seguinte contido:

A construción da liña de ferrocarril de alta velocidade produciu ao seu paso por Lalín un total de 12 escombreas espalladas por 8 parroquias diferentes e que ocupan un total de 118 Ha. onde se depositaron os materiais procedentes das escavacións, execución de trincheiras e demais obras necesarias para a creación da infraestrutura do AVE.

Tras a realización das obras, as citadas parcelas quedaron sen uso e na actualidade presentan un aspecto selvático debido a que a maleza leva anos crescendo nelas sen ningún tipo de control, convertendo estes terreos nun foco de insalubridade e nun auténtico polvorín para a aparición de incendios, tal e como se demostrou no pasado verán cando se produciron dous focos en días sucesivos nalgunha destas parcelas.

Así mesmo o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) adquiriu outros predios para darlles diferentes utilidades que, tras a construción da liña, quedaron igualmente sen funcionalidade.

O Concello de Lalín ten reclamado en varias ocasións, a través de solicitudes formais e mesmo encontros persoais do alcalde con responsables do Ministerio de Fomento, a quen pertence o ADIF, a cesión, aínda que fose temporal, dalgúns destes vertedoiros e propiedades para dedicalos a actuacións básicas ou a uso veciñal, sen que polo momento se obtivera unha resposta firme a este respecto. Por outro lado, compróbase como as administracións competentes non fan destes predios ningún tipo de uso e tampouco realizan mantemento algún sobre eles, converténdose, porén, en espazos sucios e improdutos e nun auténtico risco para a cidadanía.

Botos e Noceda son dúas das parroquias que se viron afectadas polo paso do AVE e nas que o ADIF instalou sendas escombreas e nas que mantén outras parcelas sen utilidade. O Concello de Lalín vén recibindo nos últimos anos reiteradas peticións por parte dos veciños e veciñas da zona que reclaman para o seu uso as parcelas propiedades do ADIF que se atopan

abandonadas e deterioradas.

No caso de Botos a escombreira está situada preto da autoestrada e ten unha superficie total de 24.300 metros cadrados, atopándose na actualidade cuberta de maleza e totalmente abandonada.

A escombreira da parroquia de Noceda está emprazada no lugar de Vilar do Xestal e ten unha superficie total de 140.000 metros cadrados, encontrándose igualmente en estado de abandono. Nesta mesma parroquia, no lugar de Golmar, existe outro terreo duns 1.000 metros cadrados que ía ser destinado á colocación de torretas, pero que finalmente non foi utilizado e igualmente quedou descoidado, sendo solicitado pola veciñanza, en concreto, para a posible creación dun novo campo da festa.

Porén, o Goberno de Lalín considera que se houbera unha cesión -aínda que fose temporal por parte do ADIF das citadas superficies- o Concello de Lalín podería coidar os terreos e mantelos en bo estado dándolle unha utilidade pública para o uso e desfrute por parte da cidadanía.

En vista do anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Solicitarlle ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) a cesión ao Concello de Lalín do uso das parcelas utilizadas como escombreiras e con outros fins nas parroquias de Botos e Noceda, para darlles ás mesmas unha utilidade pública mediante a sinatura dun contrato ou dun convenio con prestacións simbólicas para as partes, que permita levar a cabo os mencionados plans municipais.

Neste punto da Orde do Día, sendo as 10:05 horas, a Sra. Interventora abandonou a sesión.

9.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL A AXILIZACIÓN NOS TRÁMITES DE RECOÑECIMENTO E CUALIFICACIÓN DA DISCAPACIDADE.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 20 de marzo de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 22 de marzo de 2017 co número 1843. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá , Cultura e Educación do 27 de marzo de 2017.***

Defendeu a moción o *Concelleiro Delegado de Benestar Social, D. Nicolás González Casares*, dicindo que a discapacidade era un problema transversal da sociedade que afectaba a todos e que a todos nos debía preocupar.

Explicou que o recoñecemento da discapacidade era un procedemento que debía levar a cabo a Xunta de Galicia a través dos seus equipos de valoración.

Ese procedemento era laborioso e precisaba de especialistas que levasen a cabo a valoración. O recoñecemento estaba a converterse nun procedemento moi longo cunha duración aproximada de tres anos, xa que estaban a recibirse as citacións de procedementos de discapacidade solicitados en outubro de 2014. Era unha demora moi importante, non só para os veciños e veciñas de Lalín, senón de toda Galicia e especialmente da provincia de Pontevedra.

Non era un tema menor o da discapacidade. Só en Lalín, 2.294 persoas tiñan recoñecido algún tipo de discapacidade física (que era a predominante), psíquica ou sensorial. Afectaba a moitas persoas, segundo as estadísticas a un 20% da poboación. Os 2.294 casos recoñecidos en Lalín non eran o 20% da poboación, polo que aínda había moitos casos á espera do recoñecemento da discapacidade.

Defendeu que era moi importante axilizar o procedemento de recoñecemento e non contar con tanta espera na tramitación.

Era inaceptable o tempo de espera na actualidade, porque unha tarxeta de recoñecemento de discapacidade supuña máis oportunidades para as persoas con discapacidade. Conlevaba vantaxes non só no ámbito laboral da empresa privada, senón tamén no acceso a postos da Administración Pública, prazas de estacionamento, taxas e impostos...

Coa moción pretendíase dar a coñecer o que estaba a pasar coa espera na tramitación deste procedemento, conseguir que se axilizase a mesma ou polo menos se reforzase. Tamén que se estudase a demanda.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que a moción contaba co seu apoio.

Dende o PP, *D^a. María Paz Pérez Asorey* recalcou que esta non era unha cuestión puntual que afectase aos veciños e veciñas de Lalín, senón que era unha casuística autonómica.

A provincia de Pontevedra foi durante os últimos sete anos a que tivo un maior incremento de poboación con algún tipo de discapacidade moi superior ao resto das outras tres provincias galegas, concretamente case un 12% máis.

Tal incremento de casos era o que repercutía en que os procedementos de recoñecemento tivesen unha maior carga na provincia de Pontevedra, e por iso existía un maior atraso nos Equipos de Valoración de dita provincia.

Non obstante como medida extraordinaria para paliar ese atraso nos equipos de valoración para levar a cabo as valoracións de discapacidade, desde xullo do ano 2015 ata abril do ano 2016, como medida extraordinaria incrementáronse os equipos e reforzáronse as plantillas dos Equipos de Valoración. Ditos equipos xestionaron ao longo do ano 2016, 4.965 citas para recoñecemento do grao de discapacidade, rexistraron 3.151 solicitudes e realizáronse 2.540 recoñecementos do grao de discapacidade.

Ademais a Consellería de Política Social en coordinación coas Xefaturas Territoriais de cada provincia, estaban articulando medidas para aminorar os tempos de espera que en breve se ían poñer en práctica para que as citas de recoñecemento sexan máis áxiles.

Xa que o Concelleiro Delegado fixo referencia a que había expedientes do ano 2014 sen recibir citación, rogou que na seguinte sesión plenaria fixese referencia a ditos expedientes. Dende o seu grupo tamén intentarían saber dos mesmos, dado que non lle constaban.

A pesar de estar de acordo en que actualmente a espera na tramitación era demasiada, o Concello de Lalín non tiña competencia algunha. Debían debater esta cuestión no Parlamento e empregar os medios necesarios para efectualo.

Criticou que con esta moción o que pretendían novamente era "*poñer deberes*" a outras Administracións e invitou ao Concelleiro Delegado de Benestar Social a analizar a xestión que estaba a levar a cabo e facer un análise de conciencia.

Manifestou que o seu grupo se ía abster na votación.

O *Concelleiro Delegado de Benestar Social, D. Nicolás González Casares* defendeu que a moción tiña por finalidade defender os intereses dos lalinenses.

Os datos que tiña eran os dos expedientes iniciados dende o Concello, aos que se debían sumar solicitudes que se podían presentar por particulares e outras solicitudes posibles. Pero asegurou que había citacións dende o ano 2014. Ademais, as medidas adoptadas ás que fixo referencia a edil popular non melloraron o tempo de espera da tramitación. Coa moción pretendía reflectir a situación actual na tramitación do procedemento de recoñecemento da discapacidade. Pediulles que reconsiderasen o seu voto.

D^a Paz Pérez Asorey recalcou que dende o seu grupo non negaban a evidencia de que había un atraso, pero defendeu que era evidente tamén que se estaban a tomar medidas para solucionalo.

Alegou que dende o seu grupo non ían facer nada que prexudicase aos seus veciños e veciñas, pero non vían correctas as formas que intentaban utilizar dende o goberno. Por tal motivo, emprazou ao goberno a que fixese chegar a moción aos seus compañeiros de partido no Parlamento para que o debatesen alí como Administración Autónoma con competencias para arranxar o atraso no procedemento.

Recalcou que o sentido do seu voto ía ser a abstención.

Sometida a votación ordinaria a moción para solicitarlle á Consellería de Política Social a axilización nos trámites de recoñecemento e cualificación da discapacidade, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** a moción co seguinte tenor:

Como é coñecido o Estatuto de Autonomía de Galicia asígnalle a Comunidade Autónoma a competencia exclusiva de asistencia Social, como así se recolle tamén no “Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro que regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade”, que no seu artigo 6 indica que as competencias de recoñecemento do grao de discapacidade corresponden as CC.AA.

A ORDE da Xunta de Galicia do 25 de novembro de 2015 regula o procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes e establece que son as Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social sobre as que recae o proceso técnico de valoración da discapacidade sendo os Equipos de Valoración e Orientación (EVO), aos que compete a actuación específica.

Obter un certificado de discapacidade (que hoxe conta en Galicia cunha tarxeta acreditativa específica) outorga a persoa que o posúe diversos beneficios en función do grao da mesma que poden ser melloras no acceso ao emprego público e privado, beneficios impositivos, prestacións económicas, facilidades no acceso a vivenda, no acceso a Educación, descontos no transporte público, facilidades no estacionamento, etc.

Polo tanto o recoñecemento da discapacidade é un dereito ao que acceden persoas que teñen necesidades especiais que fan que a súa vida ordinaria teña mais dificultades tanto no económico, como na súa mobilidade ou o no eido social.

O Concello de Lalín axuda a través dos seus traballadores sociais na tramitación das solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade, tramitando entre os anos 2015 e 2016 un total aproximado de 316 solicitudes que inclúen primeiras valoracións e revisións.

Estase detectando no Departamento de Benestar Social de forma reiterada que a demora para as primeiras valoracións en moitos casos supera os 24 meses, estando a media actual entre os 18 e 24 meses. A día de hoxe estase citando polos EVO a persoas que solicitaron a valoración para o recoñecemento da súa discapacidade no mes de outubro de 2014. Se ben é certo que no caso dos menores e de grupos prioritarios esta primeira valoración non alcanza esas demoras.

Tal situación de espera e de demora acumulada provoca que na provincia de Pontevedra a tramitación completa desde a primeira solicitude ata o recoñecemento da discapacidade sexa un camiño tortuoso para as persoas que padecen discapacidade e observan como a burocracia impídelles desfrutar dos dereitos establecidos.

Cómpre sinalar que a antedita ORDE do 25 de novembro de 2015 sinala no 8º artigo que o prazo máximo para resolver unha solicitude desde que se rexistra para a súa tramitación é de 3 meses, tempo que se incumpre de xeito sistemático.

Ante todo o anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social a análise da demora nas tramitacións dos expedientes de valoración e recoñecemento da discapacidade nos EVO da provincia de Pontevedra.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social a axilización dos expedientes de valoración e recoñecemento da discapacidade na provincia de Pontevedra.

10.- MOCIÓN DO PP PARA QUE O CONCELLO DE LALÍN NEGOCIE CON FOMENTO A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO LUGAR DE XUBÍN E A HABILITACIÓN DUN CARRIL DE ESPERA NA N-525 PARA QUE OS VEHÍCULOS QUE CIRCULEN EN DIRECCIÓN SANTIAGO POIDAN ACCEDER DIRECTAMENTE AO LUGAR DE BENDOIRO DE ABAIXO.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 8 de marzo de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 15 de marzo de 2017 co número 1673. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2017.***

A Concelleira popular, **Dª Eva María Montoto Méndez** defendeu a moción que respondía ás solicitudes efectuadas por varios veciños. Seguidamente, explicou o contido da moción referíndose á parte expositiva da mesma.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que non tiña nada que dicir ao respecto.

Dende o grupo de goberno, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** adiantou que estaban de acordo. Preguntou, aínda que sabía que non era obriga do grupo popular, se había algún tipo de estudo sobre a viabilidade económica deste proxecto e o custo económico destas beirarrúas.

Dª Eva María Montoto Méndez dixo que tal como dicía o Sr. Alcalde, entendía que era a súa obriga facelo.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** contestou que era só por ter traballo avanzado ao respecto.

D. Xosé Crespo Iglesias recordou que el fixera unha xestión co Ministerio de Fomento relativa a que a recta da estrada de Prado fose toda única. Dende o Ministerio de Fomento alegaran que estaban de acordo, pero que non había orzamento para elo.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** afirmou que dende o grupo de goberno estaban de acordo co contido da moción e tamén consideraban necesario facer beirarrúas en Prado, no Corpiño e en Madriñán. Era necesario pola seguridade de todos os veciños e veciñas das zonas en cuestión.

Se orzamentariamente resultase factible, levaríanse a cabo os proxectos. Dado que os fondos eran limitados, estableceríanse prioridades, comezando pola proposta de Bendoiro; e, cando fose posible, continuaríase co Corpiño e Madriñán.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a moción para que o Concello de Lalín negocie con Fomento a construción dun carril de espera na N-525 para que os vehículos que circulen dirección Santiago poidan acceder directamente ao lugar de Bendoiro de Abaixo**, co seguinte contido:

O lugar de Xubín, na parroquia de Bendoiro, lindante co lugar de Prado na parroquia do mesmo nome, pese a ser continuación real do devandito núcleo, non conta con beirarrúas por ambas marxes como no caso da capitalidade da parroquia de Prado, pese a ter semellantes características que a anterior.

O lugar de Xubín presenta unhas necesidades e condicionantes de seguridade vial moi semellantes ao núcleo de Prado ao estar asentadas ambas no trazado da N525 que presenta unha importante densidade de tráfico rodado.

Os veciños dese núcleo, cuxas casas se sitúan a ambas marxes da estrada nacional, e máis os veciños de Bendoiro de Abaixo teñen que camiñar, para se achegar ao núcleo de Prado -co que fan vida e no que tiñan diversos servizos alí ubicados como tendas, bares e mesmo a farmacia-, polos arcéns dunha estrada que ademais de ter unha importante cantidade de tráfico teñen a velocidade situada a 90 km/h co risco que supón para os peóns a

convivencia co tráfico rodado.

É por elo, porque o Partido Popular entende que sería necesario dotar de beirarrúas ese tramo entre o final do lugar de Prado e o remate do lugar de Xubín, ou sexa entre os puntos quilométricos 296,78 e 297,14 da N-525, unha zona que xa presenta dotación de alumeado público e que só necesitaría da continuación das beirarrúas do lugar de Prado e a conexión da recollida de pluviais co sistema xa existente no núcleo antes citado.

Ao tempo, neste lugar de Xubín, se atopa o cruce da N-525 co acceso ao lugar de Bendoiro de Abaixo. Neste lugar ubícanse, entre outras edificacións e negocios, o coñecido establecemento de hostalería “Pazo de Bendoiro”, que presenta un importante movemento de clientes e visitantes. Para poder acceder a este núcleo, os vehículos que circulan pola Nacional 525 en dirección a Santiago de Compostela, non o poden facer directamente, xa que teñen que facer un cambio de sentido en pleno núcleo de Prado, co perigo que elo supón, para o tráfico rodado. Unha situación que recomenda a habilitación dun carril de espera no medio da calzada para acceder directamente na N-525 cara a este lugar.

Neste orde de cousas, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao Concello de Lalín a que negocie co Ministerio de Fomento a dotación de beirarrúas ao lugar de Xubín, da parroquia de Bendoiro, entre os puntos kilométricos 296,78 e 297'14 da N525 para mellorar a seguridade vial das persoas que se dirixan a Prado e á inversa polas marxes dese vial .

Segundo.- Que o Concello de Lalín negocie con Fomento a colocación dun carril de espera na N-525, á altura do acceso ao lugar de Bendoiro de Abaixo, na parroquia de Bendoiro, para que o tráfico rodado en dirección a Santiago de Compostela poida acceder directamente a ese punto, sen ter que facer o cambio de sentido uns centos de metros máis abaixo no núcleo de Prado.

11.- MOCIÓN DO PP PARA A INSTALACIÓN NA ZONA DEPORTIVA E INFANTIL DO REGUEIRIÑO DUNHA NOVA CANCHA MULTIDEPORTE E A AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL EXISTENTE.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 16 de marzo de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 21 de marzo de 2017 co número 1798. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2017.***

Dende o PP defendeu a moción, o *Concelleiro D. José Antonio Varela Quintela*. Explicou que na moción non se recollía, pero sería positivo dotar o parque infantil de elementos para os nenos con discapacidades. Recoñeceu que eles gobernaron 25 anos e non o fixeron pero era unha proposta necesaria.

A Concelleira Delegada de Parques, ***Dª Celia Alonso Caramés***, salientou que dende o goberno non se ía dicir non ás propostas sobre zonas de lecer para os cativos. Recordou que cando dende o goberno fixeron unha proposta sobre un parque infantil, dende o

PP votaron en contra. Pero dende o goberno sempre apoiarían propostas neste eido. O malo desta zona era como pegaba o sol, polo que era necesario buscar medidas para paliar esta deficiencia. Asemade era un perigo o feito de ter que cruzar a estrada que había nesta zona. Ademais dixo que estaba próxima a licitación do parque infantil da Praza de Europa para uso de tódolos nenos e nenas.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, non fixo uso da palabra na súa quenda.

De novo tomou a palabra o edil popular *D. José Antonio Varela Quintela*. Contestou ás argumentacións dadas pola Concelleira Delegada. Sinalou que non era necesario cruzar a estrada ao existir unha ponte por onde pasar. Polo tanto, non vía risco no feito de cruzar a estrada na zona do Regueiriño.

No tocante ao sol, afirmou que pasaba no mesmo no parque do Parking Europa. Tamén era un parque que contaba con abundante presenza de nenos e nenas; ao contrario do que alegaba a Concelleira Delegada.

Non vía axeitado que dende o goberno xustificasen o feito de non levar a cabo o parque do Regueiriño coas explicacións dadas por *D^a Celia Alonso Caramés*: o sol, o feito de que non estaba transitado por nenos e nenas e a proximidade e necesidade de cruzar a estrada non eran motivos de peso.

O Sr. Alcalde- Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio*, contestou que a Concelleira Delegada sabía da existencia da Ponte para cruzar sen necesidade de pasar pola estrada. Traballaba moito nesa zona. Repetiu que o goberno non estaba en contra dos parques infantís, se ben na práctica non sempre se podían facer. O Concello ía ter un superávit importante pero non ía poder empregarse nos lalinenses. Poder empregar ese superávit nos veciños era unha loita que ía emprender.

Dende o goberno, no tema dos parques infantís sempre ían votar a favor, pero había que priorizar cuestións por mor dos orzamentos.

No tocante aos parques para cativos con discapacidades, considerou que esta era unha cuestión importante. Recalcou que o PP en 25 anos non os levou a cabo; non obstante o goberno popular si que traballou en prol doutras cuestións relevantes.

O Tenente de Alcalde, *D. Nicolás González Casares*, interviu para destacar que o PP votou en contra do Parque na zona do Pontiñas no verán pasado.

Considerou necesario que no casco urbano se cumprise o obxectivo de contar cun parque infantil a menos de 200 metros de cada vivenda.

No Pontiñas, había peticións de adultos que pedían calistenias, que eran pequenos ximnasios, para esa zona. A zona do Pontiñas era unha zona de lecer para todas as idades, non só infantil. Era necesario telo en conta.

Dixo estar de acordo coa proposta e pediu que reconsiderasen a posibilidade da zona do Pontiñas.

Indicou que falou con *D. Abel Caballero*, porque os orzamentos do Estado daban o mesmo tratamento ao superávit que sempre. As cifras do déficit estaban ben. Este ano polo tanto había máis marxe.

Explicou que ía levarse a cabo unha Convocatoria da FEMP de tódolos Alcaldes de España para reclamar poder empregar o superávit en beneficio de tódolos cidadáns, posto que outro ano máis, moitos Concellos contaban con superávit.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* deu as cifras do superávit dos Concellos relativos ao ano 2016, que foron de 7.000 millóns de euros segundo a FEMP. Eses fondos non se podían reverter en actuacións para os cidadáns no ano 2017. Recalcou que os Concellos facían o esforzo de asumir o déficit que non cubrían noutras Administracións.

D. José Antonio Varela Quintela recordou que dende o goberno se fixo unha campaña para recollida de sinaturas en contra dun parque que o PP tiña en proxecto.

D. Nicolás González Casares contestou que foi porque o proxecto non era axeitado, non só polo lugar onde ía facerse.

D. José Antonio Varela Quintela dixo que só fóra por aclarar que todos os grupos realizaron votacións en contra de proxectos de parques infantís.

D. Xosé Crespo Iglesias interviu para dicir que o *Sr. Abel Caballero* era amigo do *Sr. Montoro*. Engadiu que ademais era un dos defensores do *Sr. Montoro*.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a moción para a instalación na zona deportiva e infantil do Regueiriño dunha nova cancha multideporte e a ampliación do Parque Infantil existente**, co seguinte contido:

O espazo de lecer e deportivo situado no Regueiriño, con dúas canchas multideporte e un parque infantil, presenta un alto nivel de ocupación en canto o tempo mellora e as temperaturas soben, chegando a quedarse pequeno moitos días de primavera e verán pola gran cantidade de cativos que xogan e practican deporte nesa instalación. A proximidade ao parque do Pontañas, do que o separa tan só un vial escasamente transitado, aínda fai máis atractivo este espazo de esparexemento.

Entre o parque infantil situado na zona máis alta dese espazo dotacional e as dúas pistas multideporte, atópase un importante espazo libre de preto de 600 metros cadrados que permitirían a ampliación desta zona de lecer e deportiva, para completar a oferta aos cativos que moitos días de verán utilizan esa instalación e fan quendas de espera para poder xogar todos ao non chegar as pistas existentes.

Os populares entenden que ese importante espazo libre entre o parque dos cativos e as pistas multideporte permitiría a instalación dunha nova pista multideporte coa que desconxestionar as dúas existentes e cubrir a ampla demanda que ten a zona cando mellora o tempo. Tamén se podería contemplar nesta transitada área a ampliación do parque infantil xa existente e a colocación de novos elementos que permitan que sexan máis os nenos pequenos que alí poidan desfrutar.

Unha ampliación de instalacións que se podía complementar coa colocación de bancos en torno a ambas zonas para a utilización por parte de adultos ou acompañantes dos nenos, a maioría moi xoves, e que na actualidade non están dispoñibles nesa área.

Tendo en conta o anterior e a mellora do servizo que implicaría a ampliación que se recolle no anteriormente dito, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar ao goberno municipal á ampliación da área de espaxemento situada no Regueiriño, alédana ao Paseo do Pontañas, ca instalación dunha nova cancha multideporte e a ampliación do parque infantil existente coa colocación de novos elementos, así como, a instalación de bancos para os pais que utilizan cos seus fillos esa área.

12.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR AO GOBERNO A ENTREGA INMEDIATA DE TODA A DOCUMENTACIÓN SOLICITADA SOBRE O USO E DESTINO DOS FRESADOS DA ROLDA LESTE E SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DO ALCALDE PARA EXPLICAR TODO O RELATIVO A ESTE TEMA.-

A Presidencia deu conta da presente moción de data 25 de marzo de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 27 de marzo de 2017 co número 1955 . A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2017.***

Dende o PP, defendeu a moción o *Concelleiro D. Antonio Rodríguez Rodríguez*. Explicou que ía facer un relato cronolóxico dos feitos para entender a o contido da mesma.

O día 29 de novembro de 2016 a través do disposto nun Decreto da Alcaldía, o seu grupo tiña autorizado para o día 5 de xaneiro de 2017, un acceso e copia ao contrato cun xestor autorizado para o tratamento dos residuos da rolda Leste que foi acopiado nunha parcela en Lalín de Arriba. O día 5 de xaneiro de 2017 non se entregou a documentación por parte do Concello. O día 9 de xaneiro de 2017, o seu grupo volveu solicitar documentación relativa a este tema. Por Decreto da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2017 autorizouse o acceso á documentación o día 3 de febreiro de 2017. Nesa data só foi entregado un Informe da Concellería de Medio Ambiente, pero non se entrega todo o que se solicitara. O día 14 de febreiro de 2017 presentaron outro escrito solicitando novamente documentación relativa a esta cuestión. Por Decreto da Alcaldía de 16 de febreiro de 2017 autorizase o acceso para o día 17 de marzo de 2017, e nesa data non se aportaba de novo toda a información que se requiriu na solicitude.

Fixo referencia á normativa xenérica de Medio Ambiente sobre o tratamento de residuos e a que non se lle entregou documentación ao respecto.

Considerou que había unha total falta de transparencia sobre este tema e que se lle negaba toda a documentación solicitada ao non entregala. Este tema non era o primeiro no que o goberno actuaba deste xeito. Criticou que se lle poñían atrancos á súa labor como oposición; por iso presentaban esta moción.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* supuxo que a xustificación do goberno no tocante a este tema ía ser a mesma que en canto ás actas da Xunta de Goberno Local. Precisou que non se lle trasladou a moción e polo tanto estaba aínda lendo o seu contido en plena sesión plenaria.

Interviu o *Sr. Secretario* para dicir que a documentación se lle entregou persoalmente por el ao *Sr. Concelleiro non adscrito* o día das Comisións Informativas, e estaba a súa

disposición ao igual que aos demais Concelleiros. Ademais a moción debateuse nas Comisións Informativas e repartíronse copias ao ser introducida por urxencia.

No debate levado a cabo nas Comisións Informativas o edil non dixo que non tiña a moción. Na votación manifestou o sentido do seu voto, polo que supuña que coñecía o contido da moción xa nas Comisións Informativas.

A *Sra. Concelleira Delegada de Facenda, D^a. Teresa Varela Fisteus*, explicou que nos ditames que reflicten as votacións das Comisións Informativas referentes a esta moción, recollía o voto de *D. Juan José Cruz García*, porque estivo no debate da mesma e polo tanto, coñecía o seu contido.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*, rematou o debate dicindo que ía comparecer sempre que llo solicitasen.

Referiuse a *D. Antonio Rodríguez Rodríguez* para recriminarlle que lle chamase “*facha e ditador nas redes sociais. Despois cando lle daban leña, queixábase*”.

Entendía que era xogo político e á política xogaban todos, uns máis habilmente que outros.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez aclarou que dende o goberno tiveron tempo de dar explicacións pertinentes. Pero o seu partido viuse obrigado a seguir pedindo a documentación e chegar con esta moción ao Pleno.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*, dixo que ía comparecer sen problema, se ben os temas non os levaba persoalmente el.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez explicou que el non sabía quen era o responsable de cada tema do que solicitaban a documentación: Concellería de Medio Ambiente, Concellería de Obras..., etc.

O *Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño, Taboada*, preguntou se estaban a referirse a el, interrompendo o debate.

Ante a interrupción, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, preguntou por qué podía interromper o debate o Concelleiro *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*.

Neste punto, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*, puxo orde no debate e insistiu en que ía comparecer “*encantado*”.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez dixo que por moitos erros que el tivese cometido, mentres estivo no goberno tivo máis acertos que erros.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*, recoñeceu que era verdade o dito polo Concelleiro popular. Sempre o recoñeceu así. “*Estábao a dicir un facha e un ditador*”.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez dixo que el tamén vía comentarios que non lle gustaban nas redes sociais. Consideraba que a Ordenanza de Medio Ambiente estaba sendo incumplida por parte do goberno municipal.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*, recordoulle que no tocante aos prazos para ver documentación solicitada, non había debate, porque dende o goberno popular

sempre deron prazos moito maiores á oposición que o goberno actual.
Non había debate co tema da transparencia no tocante ás solicitudes de documentación.

D. Xosé Crespo Iglesias recriminou que non era tal a transparencia, porque non lle daban copia de todo o solicitado, como dixeran dende o goberno que ía facerse.

D. Rafael Cuíña Aparicio dixo que el non levaba persoalmente ese tema e non sabía exactamente o que pasou.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** preguntou se asinaba Decretos da Alcaldía sen lelos. “Era surrealista”.

D. Rafael Cuíña Aparicio preguntoulle aos Concelleiros populares se estiveran ao lado dun Policía Local para ver a documentación que se lles autorizaba, como se facía en tempos do goberno popular.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que eles non poñían Policías.

Neste intre, o Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** díxolle que “*tiña unha memoria moi endeble*”, porque cando gobernaba o PP, para facer unha copia o Concelleiro Cristóbal Fernández, si que foi a Policía Local.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que nese caso fora porque non se podía dar copiar por un Informe do Secretario Xeral. Actualmente se lles estaban a autorizar as copias da documentación solicitada, pero logo non se lles daban. Preguntou por que non se lle daban as copias.

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** aclarou que non se daba copia cando o Sr. Secretario consideraba que existían motivos legais que impedían dar copia. No caso do goberno popular, non se daba copia de nada e a media de permitir o acceso á documentación solicitada agora era moi superior á do actual goberno. Do mesmo xeito, as actas da Xunta de Goberno Local dábanse cada dous meses.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** manifestou o seu desacordo con todo o que se estaba a dicir por parte do grupo de goberno. Dixo que ía levar ante a Valedora do Pobo os Decretos da Alcaldía sobre os accesos á documentación que respondían ás súas solicitudes.

Dixo que dende o goberno non se estaba a facer o prometido. Considerou que no grupo de goberno había xente con ética e moral, e que estaba por encima da mentira. Sen embargo, esa xente estaba a ser cómplice das mentiras do goberno lalinense. Afirmou que xa falaría o pobo ao respecto.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a moción para solicitar ao Goberno a entrega inmediata de toda a documentación solicitada sobre o uso e destino dos fresados da Rolda Leste e solicitude de comparecencia en Pleno do Alcalde para explicar todo o relativo a este tema**, co contido seguinte:

O Concello de Lalín aprobaba no pleno do mes de outubro do ano 2015 a ordenanza municipal de Medio Ambiente, Limpeza e Convivencia de Lalín onde se establecían unha serie de normas que se semella se aprobaron, moitas de elas só de cara a galería, pero non para cumprilas nin para facelas cumprir, á vista de reincidentes condutas acreditadas en obras e actividades relacionadas co entorno municipal.

A raíz da detección, por parte do grupo municipal que subscribe a presente proposta, de accións que incumpren as medidas recollidas nesa ordenanza, os concelleiros populares solicitamos en varias ocasións documentación relativa á posible ausencia de tratamento e análise do fresado, ao acopio e posterior reutilización dos restos de obras (que na ordenanza se cualifican como RCD extraídos) da Rolda Leste. Unha documentación que na súa maior parte non foi entregada. A que se entregou, que se reduciu á visualización dun informe e a copia de outro, foino despois de solicitala reiteradamente e algunha desa documentación nin se correspondía co tema de referencia, nun intento de eludir a entrega de documentos que implicitamente recoñeceran a presunta acción contraria á protección do Medio Ambiente que se recolle na ordenanza .

Apelando ao artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal: *“Todos os membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función”*, os concelleiros populares fixemos ata tres peticións de documentación, sen que se entregasen máis ca un xa citado informe do técnico municipal e se permitise visualizar, que non copiar, un informe da concelleira de Medio Ambiente relativo a ese tema.

A primeira das peticións rexistradas polo PP, con data de 29 de novembro de 2016 e número de rexistro 9606, solicitaba *“acceso e copia do contrato co xestor autorizado para o tratamento e procesado do fresado da Rolda Leste que foi acopiado nunha parcela aledaña ao dito vial e dos materiais retirados nas distintas obras menores realizadas no casco urbano”*. No decreto da alcaldía de data 2 de decembro, autorizábase ao acceso á documentación solicitada e permitíanse copias puntuais da documentación para o día 5 de xaneiro, máis de un mes despois de rexistrada a petición.

Na devandita data, o concelleiro Antonio Rodríguez foi informado polo persoal de secretaría da inexistencia de dita documentación, motivo polo que non se podía entregar a mesma.

A raíz da ausencia de documentación –que é cando menos chamativa, cando por decreto da alcaldía si se da permiso para consultala e para nada se reflicte a inexistencia de tal documentación-, o grupo popular rexistra, con data de 9 de xaneiro de 2017 e número de rexistro 112, unha nova solicitude de documentación na que se pedía as seguintes cuestións:

1.-Da Concellería de Medio Ambiente, ou no seu defecto á que entenda o goberno lle corresponde, informe técnico respecto de si era necesario ou non o tratamento dos citados residuos procedentes do fresado da Rolda Leste.

2.-Acceso á solicitude transmitida á empresa adxudicataria das obras, en caso de que

houbera dita documentación, instándoa á contratación dun xestor autorizado de residuos procedentes do fresado de dito vial.

3.-Se elabore e entregue copia da relación pormenorizada de cal foi o destino final, arranxo de pistas, camiños públicos ou privados ou outros destinos, da totalidade dos residuos acopiados nunha parcela aledaña á Ronda Leste procedentes do arranxo da mesma, tanto antes da súa retirada da parcela como con posterioridade, e cal é a ubicación actual do fresado que non foi utilizado ou entregado.

4.-Informe da Concellería de Medio Ambiente, ou no seu defecto a que o goberno entenda competente, sobre cal vai a ser o proceder con este tipo de restos de obras en viais municipais, tanto no que se refire ao tratamento como no relativo á uso en entrega de ditos materiais.

No decreto de contestación, de data 13 de xaneiro de 2017, autorizábase “o acceso á documentación solicitaba a partir do venres, día 3 de febreiro de 2017”, pero non se contemplaba a copia de documentación.

A documentación consultada, da que non se permitiu facer copia, nesa data de 3 de febreiro, consistía unicamente nun informe -o solicitado no punto 1 do escrito do PP- no que a concelleira se limitaba a relatar unha serie de normas e concluía que se permitía a valorización de residuos aos concellos, pero obviando os pasos necesarios para acometer a mesma e se estes se tiñan cumprido. A primeira de esas normas que citaba a concelleira era a propia ordenanza de Medio Ambiente que relata meridianamente claro que “Os RCD (os residuos de construción e demolición) deben ser entregados a un xestor, salvo no caso de material inerte procedente de pequenas obras domésticas, (ata un máximo de 50 Kg) que pode entregarse no Punto Limpo, agás os residuos de amianto ou asbesto, que serán xestionados”. A maiores, permitíase a visualización que non copia, de albaráns dun xestor autorizado de Lalín que nada tiña que ver co fresado da Rolda leste e facía referencia a “escombros limpo”, ubicado no campo da Feira e no polígono Lalín 2000.

Á vista de que unha parte importante da documentación solicitaba (listaxe de viais no que se utilizou o fresado ou onde se almacenou fora da parcela da rolda leste, a documentación relativa ao tratamento ou análise dos residuos e o informe de cal vai a ser o proceder do Concello no tratamento destes residuos de obras) non foi entregada nesa data nin se xustificou a ausencia da mesma, e que o informe da concelleira facía un relatorio de normas, pero non concluía sobre se se cumpriran ou non.

O Partido Popular rexistrou unha terceira petición, o día 14 de febreiro de 2017 e con rexistro de entrada 1027, na que se pedía un novo informe técnico e se reincidía nas peticións anteriores:

1.-Que se encargue un informe ao departamento técnico de Medio Ambiente respecto de si era necesario ou non o tratamento dos citados residuos procedentes do fresado da Rolda Leste.

2.-Que se facilite acceso e copia de dito informe ao grupo municipal solicitante.

3.-Acceso e copia da solicitude transmitida á empresa adxudicataria das obras, en caso de que houbera dita documentación, instándoa á contratación dun xestor autorizado de residuos procedentes do fresado de dito vial.

4.-Se elabore e entregue copia da relación pormenorizada de cal foi o destino final, arranxo de pistas, camiños públicos ou privados ou outros destinos, da totalidade dos residuos

acopiados nunha parcela aledaña á Ronda Leste procedentes do arranxo da mesma, tanto antes da súa retirada da parcela como con posterioridade, e cal é a ubicación actual do fresado que non foi utilizado ou entregado.

5.-Informe da Concellería de Medio Ambiente, ou no seu defecto a que o goberno entenda competente, sobre cal vai a ser o proceder con este tipo de restos de obras en viais municipais, tanto no que se refire ao tratamento como no relativo á entrega e uso de dito material.

O Decreto de contestación, de data 16 de febreiro, fixaba para o 17 de marzo o acceso á devandita documentación e daba traslado ao Departamento de Medio Ambiente para a elaboración do informe.

Na data fixada, o pasado 17 de marzo, o concelleiro Antonio Rodríguez accedía a secretaría para a recepción da citada documentación, recollendo tan só un informe do técnico de medio ambiente como única documentación relacionada coa devandita solicitude e o correspondente decreto.

No informe do departamento de Medio Ambiente, volvíase a facer un relatorio de normativas nas que deixaba claro que “o material fresado da Ronda Leste” debe “definirse como un Residuo de Construción e Demolición (RCD)” e que a ordenanza municipal di que “os residuos de construción e demolición deben ser entregados a un xestor, salvo no caso de material inerte procedente de pequenas obras domésticas que se poderá entregar no punto limpo”. Tamén se recollía o proceso que se debe seguir legalmente para a reutilización destes RCD, pero non se se cumprira o mesmo ou non.

No fondo de todo este tema despréndese a falla de rigor do goberno municipal á hora de cumprir e facer cumprir as propias ordenanzas que aproba e, moi especialmente, a ordenanza de Medio Ambiente que semella aplicarse só nas páxinas dos xornais, pero non na acción diaria municipal. As grandes campás cas que anunciaron a aprobación da ordenanza contrasta co escaso rigor para cumprila, o que demostra que, unha vez máis, ao goberno interesáballes máis quedar ben e facerse unha foto que coidar do Medio Ambiente.

Parágrafos da ordenanza como o de “Os residuos de construción e demolición deben ser entregados a un xestor...”, semellan ter efecto só para quen o goberno quere, pero non para o propio goberno que prefere interpretacións menos restritivas da norma.

Á vista de que boa parte da información solicitada reiteradamente non se facilita pese a solicitala polo conduto regulamentario, dos presuntos incumprimentos da propia normativa de Medio Ambiente de Lalín que obriga ao tratamento por parte dun xestor dos Residuos de Construción e Demolición e de que nos informes non se aclara definitivamente se os RCD extraídos da Rolda Leste tiñan ou non que se tratados por un xestor autorizado, é polo que o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a que facilite, con carácter inmediato, acceso e copia á seguinte documentación:

- Calquera tramitación municipal realizada ante á empresa adjudicataria das obras, instándoa á contratación dun xestor autorizado de residuos procedentes do fresado de dito vial, para o seu tratamento ou análise, co fin de reutilizalo posteriormente noutros cometidos.

-Calquera tramitación ou documentación realizada ou tramitada polo Concello de Lalín ante un xestor autorizado ou outra entidade, para a análise ou tratamento dos RCD procedentes da obra da Ronda Leste.

-O escrito datado o día 2 de febreiro de 2017, asinado pola concelleira de Medio Ambiente, Celia Alonso, do que non se facilitou copia ao Partido Popular.

-Relación pormenorizada de cal foi o destino final (arranxo de pistas, camiños públicos ou privados, puntos de acopio, para unha futura utilización, ou outros destinos) da totalidade dos fresados extraídos da Ronda Leste, boa parte de eles acopiados, en primeira instancia, nunha parcela alédana ao vial.

-Informe da Concellería de Medio Ambiente, ou no seu defecto á que o goberno entenda competente, sobre cal vai a ser o proceder con este tipo de restos procedentes de obras municipais, tanto no que se refire ao tratamento como no relativo á entrega e uso de dito material.

Segundo.- Solicitar a comparecencia en pleno do alcalde, *D. Rafael Cuiña*, para explicar todo o relativo a este tema que afecta ao traballo transversal de varias das concellerías do goberno.

13.- MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO INFORMES E CERTIFICACIÓNS RELATIVOS Á SÚA EXPULSIÓN NA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA EN OUTUBRO.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 27 de marzo de 2017, presentada por urxencia nas Comisións Informativas. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2017.***

Defendeu a moción o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*. Puxo de manifesto que case estaba a punto de retirar a moción porque coa aprobación da moción do punto da Orde do Día anterior que pedía a comparecencia do *Sr. Alcalde* e a súa intervención ao final do debate da mesma, xa se vía satisfeito. Non quería causar problemas ao *Sr. Secretario*, non era a súa intención. Pensaba que ía gobernar o PP novamente e esperaba que este partido aprendese dos erros do goberno actual. Explicou o contido da moción e a parte dispositiva da mesma.

O *Sr. Secretario* sinalou que estaba a implantarse no Concello a administración electrónica que esixía o *Concelleiro non adscrito*.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, díxolle ao *Sr. Secretario* que el era un técnico e polo tanto, pediulle que non fixese política.

O *Sr. Secretario* contestou que o único que quería coa súa intervención era aclarar que non podía presentarse aínda a documentación por sede electrónica, porque non estaba

implantada.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, dixo que non estaba a falar dese tema agora.

O Sr. Secretario referiuse entón á parte dispositiva da moción. En dito punto, **D. Juan José Cruz García** solicitou un Informe do Sr. Secretario Xeral. O *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)*, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, dispón no seu artigo 173.1 que será necesario o informe previo do Secretario e ademais, no seu caso, do Interventor, ou de quen legalmente os substitúan, para a adopción dos seguintes acordos:

a) Naqueles supostos en que así o ordene o Presidente da Corporación ou cando o solicite un terzo dos seus membros coa antelación suficiente á celebración da sesión en que tivesen que tratarse.

b) Sempre que se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial.

Así mesmo, o artigo 173.2 establece que *os informes que se emitan deberán sinalar a lexislación en cada caso aplicable e a adecuación á mesma dos acordos en proxecto.*

En base a dito precepto, preguntou ao Concelleiro non adscrito cal era o acordo en proxecto polo cal se solicitou o Informe.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, contestou lendo a parte dispositiva da moción.

O Sr. Secretario matizou a pregunta: *¿cal era o acordo que o Pleno ía adoptar para que el emitise un informe?*

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, contestou que todo estaba na moción.

O Sr. Secretario dixo que el non vía na moción cal era o acordo que o Pleno tiña que adoptar para que tivese que emitir un Informe. De novo leu o artigo 173 do ROF. Insistiu en cal era o acordo plenario que se ía adoptar para que tivese que emitir Informe de Secretaría.

D. Juan José Cruz García dixo que o acordo que se ía adoptar era “algo superior”. Se o PP quería votar en contra, podía facelo.

De novo o Sr. Secretario insistiu no contido do artigo 173 ROF.

Insistiu **D. Juan José Cruz García** no contido dispositivo da moción.

O Sr. Secretario dixo que xa estaba clara a súa opinión sobre o primeiro punto da parte dispositiva da moción.

No tocante ao segundo punto da parte dispositiva da moción explicou que como fedatario público, daba fe dos actos e dos acordos reflectidos nas actas aprobadas. Polo que podía emitir unha certificación sobre as actas aprobadas pero non sobre unha transcripción literal das declaracións do Pleno como se solicitaba na moción.

Unha transcripción literal era un procedemento administrativo xudicial e podería solicitarse ao xuíz. Resultaría factible que o edil vise o vídeo en Internet.

Non era parte do seu traballo como Secretario Xeral nin formaba parte da acta a transcripción literal.

D. Juan José Cruz García contestou que se verían nun proceso contencioso-administrativo para que un xuíz decidise.

O *Sr. Secretario* díxolle que se así o quería, veríanse no proceso contencioso-administrativo.

Continuou o debate co punto terceiro da parte dispositiva da moción.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* non entendía porque non accedía a emitir os Informes de Secretaría, se xa se emitiron dous Informes nos mesmos supostos, por parte do Secretario Accidental.

Denegáronselle varias solicitudes que presentou por dirixirse ao *Sr. Secretario* e non dirixirse ao *Sr. Alcalde*. Explicou que tivo que cambiar a redacción das mesmas e dirixilas ao *Sr. Alcalde*.

Afirmou que, tras estudar detidamente este tema, non coñecía ningunha lei que lle impedía dirixirse directamente ao *Sr. Secretario* nas súas solicitudes. Pediu que lle dixese cal era a lei que non lle permitía facer peticións directamente ao *Sr. Secretario*.

O *Sr. Secretario* contestou que estaba claro e que non podía porque a lei estipulaba que o *Sr. Alcalde* era o Presidente da Corporación Municipal.

De novo insistiu en que o Informe do Secretario debía emitirse en relación co acordo plenario que se pretendese adoptar, o cal non vía claro na moción. Por iso volveu preguntar: *cal era o acordo que ía adoptarse?*

D. Juan José Cruz García contestou que tal acordo eran os catro puntos que solicitaba na parte dispositiva da moción.

O *Sr. Secretario* dixo que non tiña claro cal era o acordo que debía informar.

D. Juan José Cruz García considerou que o tema sobre o que se debía informar estaba claro.

O *Sr. Secretario* dixo que *baixando a acta de internet xa estaría*.

D. Juan José Cruz García dixo que a acta non incluía a transcripción literal e que el quería dita transcripción. Á marxe xa da transcripción literal, pediu ao *Sr. Secretario* que se limitase a ver se houbo ou non arbitrariedade na súa expulsión do Pleno. Nesta mesma sesión plenaria, o *Sr. Secretario* recoñeceu que houbo interrupcións e con iso xa se daba por satisfeito.

O *Sr. Secretario* recoñeceu que, efectivamente, era obvio que nesta sesión plenaria houbo moitas interrupcións.

“E algún día máis polo que había que arar todos polo mesmo rego”, contestou **D. Juan José Cruz García**. Afirmou que cando solicitou información, estando ditas solicitudes relacionadas con temas que se estaban a tratar no Pleno, os Decretos da Alcaldía que as

contestaban, non omitían información.

O Sr. Secretario indicou que en ningún momento se lle denegaba o acceso, senón que se lle esixía que se solicitase por un terzo da Corporación Municipal segundo o ROF. No caso de aprobarse a moción no Pleno, xa sería por unha maioría superior ao terzo. Insistiu en que só quería que se lle dixese cal era o acordo sobre o que tiña que informar e que esixía o ROF.

De novo **D. Juan José Cruz García** dixo que debía informar sobre os catro puntos que pedía na parte dispositiva da moción.

O Sr. Secretario explicou que o tema sobre o que quería que se informase, era un tema de facía xa varios meses.

D. Juan José Cruz García preguntou se pedía que retirase a moción.

O Sr. Secretario contestou que non estaba a pedir que retirase a moción, senón que pedía que lle aclarasen cales eran as cuestións que o concelleiro non adscrito quería que se informasen.

D. Juan José Cruz García explicou que o punto da parte dispositiva da moción que máis lle interesaba aclarar polo informe do Sr. Secretario era o punto terceiro relativo ás interrupcións durante os debates nas sesións plenarias.

O Sr. Secretario dixo que precisaba saber cales eran as sesións plenarias que quería que informase.

D. Juan José Cruz García contestou que se refería a tódolos Plenos nos que o Sr. Secretario estivo despois da súa expulsión.

O Sr. Secretario preguntou se eran todos os Plenos nos que el estivo dende xuño de 2015.

D. Juan José Cruz García contestou que non. Tódolos Plenos nos que estivo o Sr. Secretario dende a súa expulsión.

O Sr. Secretario aclarou que entón eran os Plenos do mes de novembro de 2016, e febreiro e marzo de 2017.

D. Juan José Cruz García contestou que efectivamente eran esas sesións plenarias eran as que quería que informase no tocante ás interrupcións durante os debates. Aclarou que se o Sr. Secretario quería, ía retirar partes da moción. Quería aclarar se cometeu unha infracción e houbo arbitrariedade.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** considerou que era suficiente esta parte, e deulle a palabra ao voceiro popular.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que despois de oír ao Sr. Secretario non entendía porque o Sr. Secretario Accidental puido facer informes e agora o Sr. Secretario titular non

podía facelos. Se non podía facer os informes agora, non debería poder facelos antes.

En defensa do grupo popular, dixo que en 25 anos non expulsou a ninguén dunha sesión plenaria, se ben, as condicións non eran as mesmas.

Como interpretación persoal dixo que se ben, nalgunha intervención puido existir algún motivo de amoestación, nos Parlamentos autonómico ou estatal, chegaron a existir motivos peores pero sempre se consideraron parte do xogo político.

Resultáballe sospeitoso que os dous apercibimentos primeiros a *D. Juan José Cruz García* serviran para que existise un terceiro e polo tanto, existise un motivo de expulsión. Considerou que era algo premeditado, porque coa expulsión terían maioría suficiente para sacar adiante os temas nas votacións.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* preguntou se estaba dicindo que existiu premeditación para expulsar a *D. Juan José Cruz García*.

D. Xosé Crespo Iglesias contestou que os dous apercibimentos primeiros non os entendeu, só o terceiro.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* preguntou cantos apercibimentos debería levar na sesión actual *D. Juan José Cruz García*.

D. Xosé Crespo Iglesias contestou que non sabía cantos apercibimentos debería ter *D. Juan José Cruz*, porque dependía do criterio de cada un.

Recordou que os dous primeiros apercibimentos a *D. Juan José Cruz García* foran porque non se cinguía ao orde do día. Na práctica, ninguén se cinguía ao orde do día nos debates das sesións plenarias e iso non só pasaba en Lalín. Por iso, os dous primeiros apercibimentos foron anormais. Cría que o *Sr. Alcalde* o que quería era expulsar ao Concelleiro non adscrito.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* explicou que non era como dicía o voceiro popular. Os apercibimentos ao Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García*, por non cinguirse ao orde do día foran para deixarlle claro que non podía facer todo o que quixese en cada debate.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntou: *se non podía facer o informe, porque o Sr. Secretario Accidental o fixo?*

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* contestou que non tiña problema en que se fixesen informes.

No xogo político hai certos límites e non foi premeditado, porque, de selo, se faría noutros Plenos onde a Orde do día incluía temas que non eran menores.

D. Xosé Crespo Iglesias pensaba que o *Sr. Secretario* fixese un informe non tiña maior problema e supuña que ía ser ratificar os anteriores informes.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* afirmou que con independencia do que se recollese no informe, o Concelleiro non adscrito ía seguir pedindo os mesmos.

Pensaba que o Concelleiro non adscrito era *“un cadáver político e a persoa máis nefasta do Concello de Lalín”*.

Criticou que durante dous meses *D. Juan José Cruz García* non tivese tempo de presentar mocións e as presentase sempre por urxencia.

Neste intre, **D. Juan José Cruz García** recriminoulle que non se estaba a cinguir á orde do día.

Continuou falando o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*. Criticou que o Concelleiro non adscrito pedise continuamente a implantación da Administración electrónica, a cal a estaba a levar a cabo un dos Concelleiros máis competentes, *D. Tomás Vilariño Fidalgo*. Recomendou ao grupo popular que non se unise ao Concelleiro non adscrito. Tanto o PP como o Grupo de Goberno representaban a moitos cidadáns que exerceron o seu dereito a voto. Pero *D. Juan José Cruz García* non representaba a ninguén. Representaba o peor que podía haber en política, isto era: o transfuguismo.

D. Juan José Cruz García entreviu para dicir que si representaba aos cidadáns, porque foi a sendas reunións en Botos e Cadrón, nas que houbo moita xente.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* dixo que tamén foi a Cadrón e non lle faláron moi ben do Concelleiro non adscrito.

Ante as dúbidas do *Sr. Secretario* sobre cal era o acordo sobre o que debía versar o seu informe.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* propuxo que en lugar de elaborar un novo informe, o *Sr. Secretario* ratificase os dous informes do Secretario Accidental ou non.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que esa proposta non lle servía.

Dende a bancada do grupo popular manifestaron tamén a súa desconformidade coa mesma.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* pediulle ao *Sr. Secretario* que elaborase o informe sobre o que dicía literalmente a moción se procedía e se non procedía, que explicase o motivo.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: dez (10) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción do Concelleiro non adscrito solicitando informes e certificacións relativos á súa expulsión na sesión plenaria celebrada en outubro**, contando co seguinte tenor:

Tras a miña expulsión no Pleno celebrado o 5 de outubro pasado, solicitei un Informe de Secretaría sobre a legalidade da expulsión e, tamén que se fixera unha transcripción literal dos feitos na Acta do dito no Pleno que non se fixo e que por tanto non recolle o realmente ocorrido.

Como queira que a redacción da Acta non reflicte a literalidade completa das declaracións, considero necesario, xa que os Plenos están gravados, que se me facilite a transcripción literal das declaracións que dan lugar á miña expulsión, tanto no momento das amoestacións como da propia expulsión. Un documento que entendo é necesario para probar que nesa sesión plenaria se me tratou dun xeito inxusto e se tomou comigo unha medida desproporcionada, só motivada polo interese do Alcalde por conseguir nesa sesión unha maioría ca que non conta na realidade.

Asemade, o informe emitido polo Secretario Accidental, sobre este particular, expresa que non aprecia ilegalidade na actuación e sinala os motivos xenéricos, que non concretos, aplicados a este caso que poderían provocar a amoestación e a expulsión. Considerando que o Secretario Accidental fai unha valoración xurídica dos feitos e vén a dicir que: se non hai ilegalidade na actuación do Alcalde, entón fun eu quen cometín unha infracción; é polo que entendo necesario que se me aclaren as infraccións que cometín en cada momento e se expliquen as razóns polas que se consideran infraccións as miñas palabras e feitos.

Por outra parte, considero necesario, para aclarar se houbo arbitrariedade inustificada na actuación do Alcalde, que se emita un informe se houbo outras interrupcións nos plenos que non se sancionaron dos Concelleiros do Grupo de Goberno, especialmente do Tenente de Alcalde, e dos outros Concelleiros da oposición, e que se aclare por que os Concelleiros do Grupo de Goberno, especialmente o Tenente de Alcalde, toma a palabra cando lle praxe e non é amoestado.

Coa anterior exposición de motivos, e crendo que é necesaria a elaboración de varios informes para aclarar o ocorrido nunha das sesións plenarias, presento ao Pleno as seguintes solicitudes que se me negaron por outras canles:

Primeiro.- Elaboración dun informe, por parte do Secretario Xeral do Concello, onde se me explique pormenorizadamente cales son as infraccións cometidas para a miña expulsión do Pleno e as razóns para consideralas como infraccións.

Segundo.- Entrega dunha certificación do Secretario sobre a transcripción literal das declaracións no Pleno no momento das amoestacións e da expulsión definitiva, de acordo ás gravacións da sesión.

Terceiro.- Elaboración tamén por parte do Secretario, dun informe sobre a evidencia de que no Pleno se producen interrupcións por parte dos concelleiros do grupo de goberno e da oposición que non se amoestan, por se esta actuación poder ser constitutiva dunha actuación arbitraria inustificada do Sr. Alcalde.

Cuarto.- Que ditos informes e certificacións sexan entregados ao Concelleiro asinante desta moción antes da celebración do vindeiro Pleno.

14.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA HABILITAR APARCAMENTO ESPECIAL POR MOTIVOS EXCEPCIONAIS NAS ZONAS ESCOLARES E NA PRAZA DA IGREXA.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 27 de marzo de 2017, presentada por urxencia nas Comisións Informativas. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime interior e Actividade económica do día 27 de marzo de 2017.***

Defendeu a moción o Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz García***. Comezou dicindo que: *“as mentiras tiñan as patas moi curtas”*.

O *Sr. Alcalde* visitou un colexio local e prometeu que daría instrucións para que a Policía Local actuase permisivamente nas inmediacións dos Colexios.

Sinalou que un Alcalde debía cingirse ao dito na Lei, porque se a uns se lles multaba e a outros, non, e ía chegar un momento en que o trato fose ilegal.

Tivo coñecemento de que nun enterro, un Policía Local recoñeceu que tiña un permiso verbal para permitir o aparcamento de vehículos das persoas máis directas. Debía respectarse a Lei. Pediu un regulamento especial para aparcamento en zonas escolares e na Praza da Igrexa.

Dende o PP, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** salientou que, cando el gobernou, non regulou esta cuestión. Nos colexios, entendía que se tomaron medidas, pero había que habilitar máis. Tiña as súas dúbidas de que habilitando un Regulamento especial para aparcamento por motivos excepcionais (tales como vodas ou enterros) fosen solucionarse os problemas. Podía ser complicado á hora de executalo, porque non era operativo; era difícil saber quen ía á voda ou ao enterro, e quen non ía.

Sen máis, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* indicou que se procedía á votación.

Na parte dispositiva da moción pedíase:

Habilitar de Regulamento especial para aparcamento (por motivos excepcionais tales como enterros, vodas, horarios escolares) as zonas escolares e a Praza da Igrexa.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: vinte (20) sendo dez (10) do PP, cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **REXEITOUSE** a moción para habilitar aparcamento especial por motivos excepcionais nas zonas escolares e na praza da igrexa.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- PP. D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.-

1.1.- PREGUNTAS.-

1.- Cando se comezou o proceso de gasificación das zonas do pobo:

- Preguntou: ¿había unha previsión de que ese proceso estivese rematado no casco urbano e os dous Polígonos antes do ano 2016?
- Preguntou: ¿como estaba o proceso de gasificación do Polígono Industrial Lalín 2000?
- Preguntou: ¿cumpríronse as previsións iniciais de que o Polígono Lalín 2000 estaría gasificado antes do remate do ano 2016?
- Preguntou: ¿cando estaría o seu funcionamento?
- Preguntou: ¿estaba gasificado o Polígono de Botos?
- Preguntou: ¿había algunha previsión sobre cando se ía acometer a obra de gasificación do Polígono de Botos, cando estaría rematado e en servizo?

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que respondería por escrito.

2.- Na documentación da sesión plenaria relativa á dotación dunha partida orzamentaria para a habilitación dun paso de peóns luminoso fronte ao Lalín Arena, preguntou:

- ¿A que se adicaron os fondos desta modificación de crédito: para reparación ou reinstalación dos dispositivos?
- ¿Os 4.097 euros foron destinados só á colocación deste paso luminoso ou foron para colocar algo máis?

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** respondeu que descoñecía o que estaba a dicir o concelleiro popular. O paso luminoso colocouse cunha obra mediante unha subvención da Deputación.

O edil popular, **D. José Antonio Varela Quintela** dixo que había un Decreto da Alcaldía na documentación entregada do Pleno que fomentaba as preguntas que estaba a facer.

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** contestou que non tiña problema en mirar dito Decreto da Alcaldía na compañía do concelleiro popular.

2.- PP. D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.-

2.1.- ROGOS.-

1.- En relación cun Decreto da Alcaldía que lle autorizaba a ver documentación dun expediente relativo á Laxe dos Mosqueiros, pediu que se lles permitise ver dita documentación antes da data que se concedía autorización, o día 10 de abril de 2017, dado que ese día remataba o prazo de presentación de alegacións.

A Concelleira Delegada, **D^a. Celia Alonso Caramés** contestou que podía ver a documentación antes do día 10 de abril de 2017 sen problema.

2.2.- PREGUNTAS.-

1.- Preguntou: ¿cando se ía entregar ao seu grupo o Informe Técnico relativo aos ramais da Depuradora de Zobra?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que o Técnico competente

xa estaba elaborando dito informe.

2.- Preguntou. ¿cando se ía entregar a relación de pistas de zahorra acondicionadas co importe aprobado no Pleno?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** sinalou que era certo que tamén estaba pendente e responderíase por escrito.*

3.- No Plan Concellos 2016 había destinados 26.000 euros para o arranxo de camiños de zahorra, mentres que no ano 2015 aprobárase unha partida máis importante de 46.000 euros. Por iso preguntou se non consideraban escasa a partida do ano 2016.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que se consideraba escasa dita partida pero responderíase por escrito.*

4.- A través da Sede Electrónica, o día 29 de marzo de 2017, o grupo popular presentou unha serie de preguntas por escrito (Rexistro de entrada municipal 2017-E-RPLN-1). Ditas preguntas eran as seguintes:

- ¿Cantas subvencións da Xunta de Galicia se perderon dende que se iniciou o presente mandato?

- No caso de que se perdera algunha subvención da Xunta de Galicia: ¿cales foron as subvencións perdidas e porque concepto?

- ¿A que cantidade ascendían ditas subvencións?

- ¿Cal foi o motivo de que se perderan ditas achegas?

- ¿Cantas subvencións da Deputación de Pontevedra se perderon dende que se iniciou o presente mandato?

- No caso de que se perdera algunha subvención da Deputación de Pontevedra: ¿cales foron as subvencións perdidas e porque concepto?

- ¿A que cantidade ascendían ditas subvencións?

- ¿Cal foi o motivo de que se perderan ditas achegas?

Preguntou se non se ían responder ditas preguntas formulas por escrito.

*O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares**, dixo que a pesar de que as preguntas por escrito foran presentadas con 24 horas de antelación, cumprindo co prazo estipulado legalmente, non habería obriga de contestalas, xa que non se dispuña de toda a documentación necesaria para dar resposta ás mesmas. Cando se dispuxera de toda a documentación, contestaríanse as preguntas formuladas.*

3.- PP. D^a MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME.-

3.1.- PREGUNTAS.-

1.- Na liña 2 do Plan Concellos 2017, do cal se deu conta neste Pleno, figuraba o Plan Museográfico do Museo Galego da Marioneta. Chamáballe a atención que se dividía en dúas partidas case iguais.

Preguntou se non era máis lóxico buscar unha fórmula económica viable para que Viravolta, que foi quen abriu o Museo, puidera acometer directamente estes dous contratos

menores ou ben que dúas empresas distintas fagan cada partida, sen que haxa conexión entre as mesmas.

A Concelleira Delegada de Cultura, D^a. Lara Rodríguez Peña preguntoulle á anterior edil se sabía o que era un Plan Museográfico e un Plan Museolóxico e quen era a persoa competente para poder facer ditos traballos.

Para que un espazo fose considerado Museo por parte da Xunta, debían existir uns trámites: primeiro un Proxecto para ver que se fai con ese espazo; e segundo, entregar un Plan Museográfico e outro Plan Museolóxico para que a Xunta de Galicia autorice ou non a conversión dun espazo en Museo.

Realizar ese tipo de traballos era complicado, polo que debía ser elaborado por unha persoa experta e cualificada en Museoloxía. Sería ideal que o puidesen facer dende Viravolta pero debía existir capacidade para elo, porque esixía moitos coñecementos no eido dos Museos. Era un campo moi concreto que aínda se estaba a estudar e había poucos expertos na materia. Non era doado.

O feito de presentar ditos Plans ademais non daba garantía de que a Xunta de Galicia os fose aprobar.

2.- No Plan Concellos 2017 tamén figuraba unha consignación de 18.000 euros para a 13ª Bienal de Lalín. Consideraba positivo que se incrementase a partida con respecto a outros anos. Pero preguntou se esta era a cantidade total que se ía destinar á Bienal ou ben solicitaron á Xunta e á Deputación algunha achega, posto que sempre outorgaron axudas. Nese caso, preguntou se ditas achegas ían dentro deste orzamento de 18.000 euros.

A Concelleira Delegada de Cultura, D^a. Lara Rodríguez Peña contestou que non se solicitou ningunha achega máis. Dixo que lle enviou unha carta ao Conselleiro de Educación para saber se a Consellería de Cultura ía destinar algún tipo de axuda económica para a elaboración do Catálogo pero non se sabía se ía colaborar ou non.

4.- PP. D^a RAQUEL LOURENZO FERNÁNDEZ.-

4.1.- PREGUNTAS.-

1.- PREGUNTA.-

Na memoria sobre o Plan Concellos 2017 aparecía consignada unha cantidade de máis de 42.000 euros para o Cocido do Orgullo de Lalín.

Preguntou: ¿foi o que custou o evento na súa totalidade ou había a maiores outras facturas?. Na memoria que se achegou coa documentación do Pleno non figuraban os pins específicos, cartelería, publicidade, etc.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio indicou que respondería por escrito.

4.2.- ROGOS.-

1.- Pediu un Plan especial para o Comercio, dado que se ía contar cun estudo contratado pola AED e subvencionado para o Concello para facer o comercio local máis competitivo na súa loita comercial coas grandes áreas, e unha vez que un dos grandes

operadores como o Carrefour se situou no pobo onde estaba o antigo Eroski.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que estaban a falar coa AED para financiar e redactar conxuntamente a posibilidade dun Plan de Comercio. Dende o goberno xa se estaba con iso.

5.- PP. D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.-

5.1.- ROGOS.-

1.- Rogoulle á Concelleira Delegada de Cultura, **D^a Lara Rodríguez Peña** que a interpretación que facían dos contratos menores relativos aos Plan do Museo, era no tocante á cantidade que se destinaba aos mesmos, que estaba no límite dos contratos menores, 18.000 euros. Non estaba de acordo co que lle explicou acerca de que Viravolta non tiña capacidade para facer ditos Plans. Entendía que estaban fraccionando un contrato que non se debía fraccionar, cambiando a terminoloxía.

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** dixo que era unha solicitude e polo tanto, podía licitarse despois.

A Concelleira Delegada de Cultura, **D^a Lara Rodríguez Peña** explicou que existían persoas especializadas en determinadas áreas ou eidos para levar a cabo determinadas labores.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que para facer o único Museo da Marioneta que había en Galicia contaron con Viravolta e non cría que non tivese capacidade para facer ditos Plans.

A Concelleira Delegada de Cultura, **D^a Lara Rodríguez Peña** explicou de novo, que ditos Plans debían levarse a cabo por persoas cualificadas, universitariamente falando e en relación a uns estudos. Viravolta estaba integrada por unha serie de persoas que non tiñan a titulación requirida para a elaboración de ditos Plans.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que por iso facían dous contratos menores distintos.

A Concelleira Delegada de Cultura, **D^a Lara Rodríguez Peña** reiterou que eran dous Plans diferentes: o Plan Museográfico e o Plan Museolóxico.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntou se no podía elaborar ditos Plans a mesma persoa. Pensaba que eran “tontos pero non naceron onte”.

D. José Antonio Varela Quintela engadiu que parecía que se solapaban ditos Plans.

A Concelleira Delegada de Cultura, **D^a Lara Rodríguez Peña** dixo que non se solapaban porque eran dous Plans distintos.

2.- Dixo ao Sr. Alcalde que, aínda que cada un xogase ao seu xogo político, o cal era perfectamente lexítimo, certas cousas non lle parecían ortodoxas e non valían. Así non lle gustaba o que o Sr. Alcalde dixera no Pleno de que non respectaba o que lle estaban a facer

ao voceiro popular no seu grupo político. Díciallo no Pleno para, supostamente, solidarizarse con el, cando realmente era *“falsa solidariedade”*.

Varias persoas en Lalín díxéronlle na rúa que o *Sr. Alcalde* ensinou unha mensaxe do *Sr. Rueda Valenzuela* no que lle preguntaba cando se fan sentar xuntos e onde supostamente non deixaba quedar moi ben ao *Sr. Crespo*, ao que o *Sr. Alcalde* contestaba que cando o *Sr. Alfonso Rueda* quixese, pero que podía non parecerlle ben a *D. Xosé Crespo*.

O *Sr. Alcalde* quixo ensinar esa mensaxe. Que a ensinase entre Concelleiros doutros grupos para facerse valer non lle parecía mal. Pero si lle parecía mal que lla ensinase a unha Concelleira do seu grupo, que llo contou a el.

Preguntoulle por iso directamente a *D. Alfonso Rueda*, o cal lle dixo que era mentira e que nunca se mensaxearon con *D. Rafael Cuiña*; era imposible.

Preguntaba por iso, se mentía *D. Alfonso Rueda* ou *D. Rafael Cuiña*, porque el cría que mentía o *Sr. Alcalde*. Pediu ao *Sr. Alcalde* un pouco de ortodoxia política. Aos medios de comunicación pediulles que preguntasen se se mensaxearon ou non para non quedar en entredito.

Ademais, unha de dúas: ou mentía *D. Alfonso Rueda* ou mentía *D. Rafael Cuiña*; e cos antecedentes que estaban sobre a mesa, sospeitaba que quen mentía era o *Sr. Alcalde*.

Se era verdade que se mensaxearon, pediría desculpas; pero se non era verdade, non podía mentir. Debíano aclarar e por iso facía este rogo.

Recoñecía que o trato do *Sr. Alcalde* para con el cambiou para mellor; pero pediu que aclarase esta cuestión.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio, dixo que lle desexaba o mellor en política e para o seu futuro político. Podía crer o que quixese. A intención ao ensinar a mensaxe non era deixar quedar mal ao Sr. Crespo como el dicía.

Non quería entrar en debate porque non cría que nun futuro volveuse estar no PP.

Estaba disposto a dialogar co Sr. Crespo, porque falando, se entendían ben.

Recordoulle o que dicía Konrad Adenauer: “hai amigos, inimigos e compañeiros de partido” e Pío Cabanillas, ao que coñecera na súa casa: “ao chan, que veñen os nosos”.

Non quería dicir en público o que non debía, porque unha cousa era que o dixese en privado e non en público.

D. Xosé Crespo Iglesias recriminou que o dixo en público, porque lle ensinou a mensaxe a medio Lalín.

D. Nicolás González Casares alegou que iso non era verdade, porque el non vira a mensaxe.

D. Xosé Crespo Iglesias considerou que o *Sr. Tenente de Alcalde* mentía, porque un terceiro lle comentou que falara o tema con *D. Nicolás González*.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio repetiu o dito: “amigos, inimigos e compañeiros de partido” e mostrou o máximo respecto co Sr. Crespo e a súa vontade de ter a mellor relación posible.

D. Xosé Crespo Iglesias considerou que lle respondía pola tanxente.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio dixo que lle respondía ata onde debía.

6.- CONCELEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.-

6.1.- PREGUNTAS.-

1. En relación co cartel do Cocido do Orgullo:

- Preguntou: ¿cal foi a cantidade económica que se destinou á creación do cartel da Feira do Cocido do Orgullo?.
- Preguntou: ¿vanse regular unhas bases para a elaboración do Cartel da Feira do Cocido do Orgullo en vindeiros anos?.
- Preguntou: ¿que criterios se seguiron para a elección do cartel e do autor da Feira do Cocido?.
- Preguntou: ¿foi unha decisión directa a elección?.
- Preguntou: ¿valorouse a posibilidade de que se inclúsen nas futuras bases, que se puidesen dar cabida a artistas que non son de Lalín?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.*

2. Preguntou: ¿que se vai facer para protexer as Telleiras de Sello?.

- Preguntou: ¿por qué non se fai outro ENIL nas Telleiras de Sello?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.*

3. Preguntou: ¿o Sr. Alcalde abroncou a xornalistas por noticias que non lles eran favorables?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.*

4. Preguntou: ¿que xestión se fixo con Patrimonio polo tema da compra e derrube das casas de Moimenta?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.*

5. Preguntou: ¿cando se vai facer espaxamento de cans e se se vai cumprir ou non esa promesa?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.*

6. Preguntou: ¿cando se vai cerrar o aparcamento do Colexio Manuel Rivero?.

- Preguntou: ¿os coches que están alí aparcados, o están ilegalmente?.

*O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por*

escrito.

7. Preguntou: ¿quen aprobou o proceso de selección do Programa Integrado de Emprego Mocidade Activa?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

8. Preguntou: ¿por que non se actualiza o Taboleiro de información?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

9. Preguntou: ¿CXL cambiou o seu criterio sobre o soterramento dos colectores de lixo?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

10. Preguntou: ¿prometeu reformar e ampliar o palco da música da Praza da Igrexa?, ¿está inutilizado no estado actual?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

11. Preguntou: ¿non se vai quitar a fonte da Praza da Igrexa?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

12. Preguntou: ¿por que non se cumpre a Ordenanza de Medio Ambiente?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

13. Preguntou: ¿cantos cartos custa ao ano o Parking Aldea Grande?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

14. Preguntou: ¿onde están as axudas ás Bandas de Música aprobadas no Pleno?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

15. Preguntou: ¿porque ignora o que se aproba no Pleno?, ¿é democrático?.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que respondería por escrito.

16. Preguntou: ¿por que se anuncian cousas que non se cumpren?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.

17. Preguntou: ¿cando se van facer públicos os remanentes?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.

18. Preguntou: ¿podo xa imprimir documentos no Concello ou aínda non?.

- Preguntou: ¿prohibiúselles aos funcionarios deste Concello que me impriman documentos e xa se levantou o veto sobre dito impedimento?.

- Preguntou: ¿se teño que seguir imprimindo fóra do Concello?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.

19. Preguntou: ¿arranxáronse os verquidos do Pontañas?, ¿xa coñece de onde saíron?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.

20. Preguntou: ¿está regulada a publicidade de Mapfre nos tickets do Parking Aldea Grande?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que respondería por escrito.

6.2.- ROGOS.-

1. Rogou que se mellorase o son no Salón de Plenos.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** quedou enterado.

E, sendo as doce horas e seis minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas